

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIONES COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

5032 *Real decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.*

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, consagran o dereito das persoas a relacionárense por medios electrónicos coas administracións públicas, simplificando o acceso a eles, e reforzan o emprego das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) nas administracións públicas, tanto para mellorar a eficiencia da súa xestión como para potenciar e favorecer as relacións de colaboración e cooperación entre elas.

Ambas as leis recollen os elementos que conforman o marco xurídico para o funcionamento electrónico das administracións públicas introducindo un novo paradigma que supera a concepción que inspirou a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e o seu desenvolvemento regulamentario parcial na Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos vinculados ou dependentes a través do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, segundo a cal a tramitación electrónica non era senón unha forma de xestión dos procedementos.

Neste senso, a Lei 11/2007, do 22 de xuño, respondendo ás novas realidades, exigencias e experiencias que se puxeran de manifesto, ao propio desenvolvemento da sociedade da información e á mudanza de circunstancias tecnolóxicas e sociais, entre outros factores, recoñecía o dereito da cidadanía a relacionarse electronicamente coas administracións públicas, e non só a posibilidade, como se prevía na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A Lei 11/2007, do 22 de xuño, admitía mesmo que, por vía regulamentaria, se establecese a obrigatoriedade de comunicarse coas administracións públicas por medios electrónicos cando as persoas interesadas fosen persoas xurídicas ou colectivos de persoas físicas que por razón da súa capacidade económica ou técnica, dedicación profesional ou outros motivos acreditados tivesen garantido o acceso e dispoñibilidade dos medios tecnolóxicos precisos.

Neste contexto, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, deron resposta á demanda actual no senso de que a tramitación electrónica dos procedementos debe constituír a actuación habitual das administracións públicas, e non só ser unha forma especial de xestión. En consecuencia, prevese que as relacións das administracións entre si e cos seus órganos, organismos públicos e entidades vinculados ou dependentes se realizará a través de medios electrónicos, e establécese a obrigatoriedade de relacionarse electronicamente coa Administración para as persoas xurídicas, entes sen personalidade e, nalgúns supostos, para as persoas físicas, e isto sen prexuízo da posibilidade de estender esta obrigaón a outros colectivos, por vía regulamentaria.

Con estes antecedentes, era necesario desenvolver e concretar as previsións legais a fin, entre outros aspectos, de facilitar aos axentes involucrados no uso de medios tecnolóxicos a súa utilización efectiva, aclarando e precisando, ao mesmo tempo, aquelas materias reguladas nestas leis que permiten unha marxe de actuación regulamentaria.

A satisfacción do interesado, por tanto, no uso dos servizos públicos dixitais é fundamental para garantir adecuadamente os seus dereitos e o cumprimento das súas obrigaóns na súa relación coas administracións públicas. Por isto, é prioritario dispor de servizos dixitais facilmente utilizables e accesibles, de modo que se poida conseguir que

a relación do interesado coa Administración a través da canle electrónica sexa fácil, intuitiva, efectiva, eficiente e non discriminatoria.

Por outra parte, ao longo das dúas últimas décadas, os sucesivos Gobernos de España foron adoptando programas para o avance dixital acordes coas axendas dixitais europeas, en todos os cales estivo presente o eixo de mellora da Administración electrónica. Froito destes programas, España conta cunha posición moi favorable para abordar a seguinte fase do proceso de transformación dixital do noso país e, no que concerne á Administración electrónica, está situada entre os países máis avanzados da Unión Europea, o que se atinxiu grazas ao esforzo continuado das administracións públicas na adaptación dos seus servizos electrónicos para ofrecer cada vez mellores servizos, máis adaptados ás demandas da cidadanía e das empresas, e máis eficientes. Neste esforzo, a estratexia de España baseouse no impulso dos fundamentos que permiten unha tramitación electrónica completa e no desenvolvemento de servizos que poden ser utilizados libremente por todas as administracións públicas, e que están aliñados cos esquemas de interoperabilidade europeos.

Os cambios que se están a producir coa maduración de tecnoloxías disruptivas e a súa aplicación á xestión da información e a execución de políticas públicas, os novos modelos de relación da cidadanía e empresas coas administracións e a reutilización eficiente da información son grandes desafíos que, para seren afrontados con éxito e para que coaduxen á transformación dixital, exigen como presuposto contar cun marco regulatorio adecuado, tanto con rango de lei como con rango regulamentario, que, garantindo a seguranza xurídica para todos os intervenientes, sirva os obxectivos de mellorar a eficiencia administrativa para facer efectiva unha Administración totalmente electrónica e interconectada, incrementar a transparencia da actuación administrativa e a participación das persoas na Administración electrónica e garantir servizos dixitais facilmente utilizables.

Neste senso, a Axenda España Dixital 2025 contén un eixo estratéxico específico sobre a transformación dixital do sector público, cuxa plasmación se concreta no cumprimento dun conxunto de medidas entre as cales se encontra a mellora do marco regulatorio da Administración dixital e, especificamente, na aprobación deste real decreto. Polo seu lado, o Plan de recuperación, transformación e resiliencia (España Pode) inclúe, entre as súas dez políticas panca de reforma estrutural para un crecemento sustentable e inclusivo, lograr unha Administración modernizada a través da dixitalización, tanto a nivel transversal como en ámbitos estratéxicos, que actúe como tractor dos cambios tecnolóxicos. O último fito en estratexia transformadora constitúeo o Plan de dixitalización das administracións públicas 2021-2025, que supón un salto decisivo na mellora da eficacia e eficiencia da Administración pública, na transparencia e eliminación de pexas administrativas a través da automatización da xestión, nunha maior orientación á personalización de servizos e á experiencia de usuario, actuando todo isto de elemento catalizador da innovación tecnolóxica do noso país desde o ámbito público.

En definitiva, o regulamento que aproba este real decreto persegue os catro grandes obxectivos mencionados: mellorar a eficiencia administrativa, incrementar a transparencia e a participación, garantir servizos dixitais facilmente utilizables e mellorar a seguranza xurídica.

En primeiro lugar, persegue mellorar a eficiencia administrativa para facer efectiva unha Administración totalmente electrónica e interconectada. Así, desenvólvese e concrétase o emprego dos medios electrónicos establecidos nas leis 39/2015, do 1 de outubro, e 40/2015, do 1 de outubro, para garantir, por unha parte, que os procedementos administrativos sexan tramitados electronicamente pola Administración e, por outra, que a cidadanía se relacione con ela por estes medios nos supostos en que sexa establecido con carácter obrigatorio ou cando aqueles o decidan voluntariamente.

Un segundo obxectivo consiste en incrementar a transparencia da actuación administrativa e a participación das persoas na Administración electrónica. Así, desenvólvese o funcionamento do Punto de acceso xeral electrónico (PAXe), e a Carpeta cidadá no sector público estatal. Regúlase o contido e os servizos mínimos que prestarán

as sedes electrónicas e sedes electrónicas asociadas e o funcionamento dos rexistros electrónicos.

En terceiro lugar, o regulamento persegue garantir servizos dixitais facilmente utilizables de modo que se poida conseguir que a relación do interesado coa Administración sexa fácil, intuitiva e efectiva cando use a canle electrónica.

Por último, procura mellorar a seguranza xurídica. Así, elimínase a superposición de réximes xurídicos distintos, adáptase e intégrase no regulamento que aproba este real decreto a regulación que aínda permanecía vixente do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, e procédese, por isto, á súa derogación definitiva e adécuase a regulación ao novo marco da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e a Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O real decreto consta dun artigo único que aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, dúas disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e cinco disposicións derradeiras.

Entre as cinco disposicións derradeiras hai dúas que modifican normas vixentes e as tres restantes regulan o título competencial, a habilitación regulamentaria para o desenvolvemento e execución do real decreto e a entrada en vigor. Respecto das disposicións modificativas, estas afectan o Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica, e o Real decreto 931/2017, do 27 de outubro, polo que se regula a Memoria da análise de impacto normativo. Así, en primeiro lugar, con relación ao Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, o seu artigo 29 establece que o Esquema nacional de interoperabilidade se desenvolverá e perfeccionará ao longo do tempo en paralelo ao progreso dos servizos de Administración electrónica, a evolución tecnolóxica e a medida que vaian consolidándose as infraestruturas que o apoian. Por isto, a rápida evolución das tecnoloxías, a experiencia derivada da aplicación do Esquema nacional de interoperabilidade desde a súa aprobación hai 10 anos, as previsións da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e da Lei 40/2015, do 1 de outubro, relativas á interoperabilidade entre as administracións públicas e os seus órganos, organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes, máis a necesidade de adecuarse ao previsto no Regulamento n.º 1025/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012, sobre a normalización europea, polo que se modifican as directivas 89/686/CEE e 93/15/CEE do Consello e as directivas 94/9/CE, 94/25/CE, 95/16/CE, 97/23/CE, 98/34/CE, 2004/22/CE, 2007/23/CE, 2009/23/CE e 2009/105/CE do Parlamento Europeo e do Consello e polo que se derroga a Decisión 87/95/CEE do Consello e a Decisión 1673/2006/CE do Parlamento Europeo e do Consello, determinan a necesidade de modificar certos aspectos da súa redacción actual. En consecuencia, modifícanse os artigos, 9, 11, 14, 16, 17, e 18, así como a disposición adicional primeira e o anexo de glosario, á vez que se suprimen o artigo 19 e as disposicións adicionais terceira e cuarta.

En segundo lugar, modifícase o Real decreto 931/2017, do 27 de outubro, para incorporar na Memoria da análise de impacto normativo a análise da incidencia nos gastos en medios ou servizos da Administración dixital dentro do impacto orzamentario dos proxectos e, por outro lado, para incluír dentro da parte de «Outros impactos» o que terá para as persoas destinatarias da norma e para a organización e funcionamento da Administración o desenvolvemento ou uso dos medios e servizos da Administración dixital que ocasione a aplicación da normativa proxectada.

Polo seu lado, o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos que aproba o real decreto consta de 65 artigos distribuídos en catro títulos, dez disposicións adicionais e un anexo de definicións.

O título preliminar do Regulamento comprende as disposicións xerais que regulan o obxecto e ámbito de aplicación da norma (que se remite ao ámbito do artigo 2 tanto da Lei 39/2015, do 1 de outubro, como da Lei 40/2015, do 1 de outubro) e os principios xerais que debe respectar o sector público nas súas actuacións e relacións electrónicas. Entre estes principios inclúense o de neutralidade tecnolóxica e de adaptabilidade ao progreso das tecnoloxías e sistemas de comunicacións electrónicas, para garantir tanto a independencia na elección das alternativas tecnolóxicas necesarias para relacionarse

coas administracións públicas por parte das persoas interesadas e polo propio sector público como a liberdade para desenvolver e implantar os avances tecnolóxicos nun ámbito de libre mercado; o principio de accesibilidade, para promover que o deseño dos servizos electrónicos garanta a igualdade e non discriminación no acceso das persoas usuarias, en particular, das persoas discapacitadas e das persoas de idade; o principio de facilidade de uso, que determina que o deseño dos servizos electrónicos estea centrado nas persoas usuarias para minimizar o grao de coñecemento tecnolóxico necesario para o uso do servizo, o principio de interoperabilidade, entendido como a capacidade dos sistemas de información e, por tanto, dos procedementos a que estes dan soporte, de compartillar datos e posibilitar a troca de información entre eles; o principio de proporcionalidade, para que as medidas de seguraza e garantías que se exixan sexan adecuadas á natureza e circunstancias dos distintos trámites e actuacións electrónicos e, por último, o principio de personalización e proactividade, entendido como a capacidade das administracións públicas para que, partindo do coñecemento adquirido do usuario final do servizo, proporcione servizos en formularios precompletados e se anticipe ás posibles necesidades destes.

Así mesmo, o título preliminar regula o dereito e obrigação de relacionarse electronicamente coas administracións públicas, en aplicación do artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e as canles a través das cales as administracións públicas prestarán a asistencia necesaria para facilitar o acceso das persoas interesadas aos servizos electrónicos proporcionados no seu ámbito.

O título I regula os portais de internet, o PAXe, as sedes electrónicas e sedes electrónicas asociadas (características, creación e supresión, contido e servizos, e responsabilidade) e a área personalizada a través da cal cada interesado poderá acceder á súa información, ao seguimento dos trámites administrativos que o afecten e ás notificacións e comunicacións no ámbito da Administración pública competente, que no ámbito estatal se denomina «Carpeta cidadá».

O título II subdivídese en tres capítulos e regula o procedemento administrativo por medios electrónicos. Así, o capítulo I, sobre «Disposicións xerais» aborda a tramitación administrativa automatizada e o réxime de emendas. Polo seu lado o capítulo II regula a identificación e autenticación das administracións públicas e das persoas interesadas e subdivídese en catro seccións: a 1ª aborda as disposicións comúns á identificación e autenticación e condicións de interoperabilidade (incluíndo a plataforma de verificación de certificados electrónicos e outros sistemas de identificación), a 2ª regula a «Identificación electrónica das administracións públicas e a autenticación do exercicio da súa competencia», que comprende a identificación das sedes electrónicas e sedes asociadas, a identificación mediante selo electrónico baseado en certificado electrónico cualificado, os sistemas de sinatura electrónica para a actuación administrativa automatizada, a identificación e sinatura do persoal ao servizo das administracións públicas (incluídos os certificados de emprego público con número de identificación profesional) e a autenticación e identificación das administracións emisoras e receptoras en intercambio de datos a través de contornos fechados de comunicación. A sección 3ª desenvolve a regulación da identificación e sinatura das persoas interesadas e, por último, a sección 4ª regula a acreditación da representación das persoas interesadas (regulando, entre outros aspectos, o rexistro electrónico de apoderamentos).

O título II fécchase co capítulo III, que nas súas dúas seccións regula os rexistros electrónicos, as notificacións electrónicas e os outros actos de comunicación electrónicos. Así, a sección 1ª regula os rexistros electrónicos (entre outros aspectos, o rexistro electrónico xeral de cada Administración e a presentación e tratamento de documentos en rexistro ou as competencias das oficinas de asistencia en materia de rexistros da Administración xeral do Estado) e a sección 2ª regula as comunicacións administrativas ás persoas interesadas por medios electrónicos (actos de comunicación electrónica ás persoas interesadas distintos das notificacións ou publicacións) e as notificacións electrónicas (incluíndo as regras xerais da práctica das notificacións electrónicas, o aviso de posta á disposición da notificación, a notificación a través do enderezo electrónico

habilitado único (EEHu) e a notificación electrónica en sede electrónica ou sede electrónica asociada).

O título III regula o expediente electrónico e divídese en dous capítulos. O capítulo I regula o documento administrativo electrónico e os requisitos e a emisión de copias auténticas de documentos públicos administrativos ou documentos privados, que sexan orixinais ou copias auténticas de orixinais; a formación do expediente administrativo electrónico e o exercicio de acceso e el e á obtención de copias e a destrución de documentos. Pola súa parte, o capítulo II regula a conservación de documentos electrónicos e a definición de arquivo electrónico único.

Por último, o título IV divídese en dous capítulos e regula as relacións e colaboración entre administracións públicas para o funcionamento electrónico do sector público. Así, o capítulo I aborda a colaboración entre as administracións públicas para a actuación administrativa por medios electrónicos e inclúe as obrigadas relacións interadministrativas e interorgánicas por medios electrónicos no exercicio das súas competencias, as comunicacións na Administración xeral do Estado, a posibilidade de adhesión a sedes electrónicas e sedes electrónicas asociadas e a regulación do Sistema de interconexión de rexistros (SIR), a través do cal deberán realizarse as interconexións entre rexistros das administracións públicas, que deberán ser interoperables entre si e, no caso da Administración xeral do Estado, o que supón unha novidade, tamén cos sistemas de xestión de expedientes.

O capítulo I do título IV regula tamén as transmisións de datos a que se refire o artigo 155 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, as plataformas de intermediación de datos (con mención especial á de ámbito estatal), a remisión electrónica de expedientes administrativos no ámbito das administracións públicas mediante posta á disposición, a través dun nodo de interoperabilidade, do enderezo electrónico ou localizador que dea acceso ao expediente electrónico completo e, por último, as previsións do intercambio automático de datos ou documentos a nivel europeo previstos no Regulamento (UE) n.º 2018/1724 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de outubro de 2018, relativo á creación dunha pasarela dixital única de acceso a información, procedementos e servizos de asistencia e resolución de problemas e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 1024/2012.

O título IV finaliza co capítulo II, que regula a transferencia e uso compartido de tecnoloxías entre administracións públicas, abordando, por unha parte, a reutilización de sistemas e aplicacións das administracións públicas e, por outra, a adhesión ás plataformas, rexistros ou servizos electrónicos da Administración xeral do Estado

A parte final do regulamento consta de dez disposicións adicionais e un anexo de definicións. As primeiras regulan a obrigatoriedade de uso de medios electrónicos nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público no ámbito da Administración xeral do Estado; a promoción da formación do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado para garantir o dereito das persoas interesadas a ser asistidas no uso de medios electrónicos nas súas relacións coa Administración pública; a creación do nodo de interoperabilidade para a identificación electrónica do Reino de España para o recoñecemento mutuo de identidades electrónicas entre Estados membros da Unión Europea; a adhesión das entidades de dereito privado vinculadas ou dependentes da Administración xeral do Estado, no exercicio de potestades administrativas, ás sedes electrónicas e sedes electrónicas asociadas e sistema de sinatura e notificacións electrónicas aplicables; a adhesión dos órganos constitucionais ao uso das plataformas, rexistros ou servizos electrónicos da Administración xeral do Estado; a situación das sedes electrónicas e subsedes electrónicas no ámbito estatal existentes canda a entrada en vigor deste real decreto; a interoperabilidade dos rexistros electrónicos de apoderamentos; supletoriedade en Rexistro Civil; a autorización dos sistemas de identificación previstos no artigo 9.2.c) e dos sistemas de sinatura previstos no artigo 10.2.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro e, por último, as especialidades por razón de materia.

O Regulamento conclúe cun anexo terminolóxico que retoma a boa praxe que incluía a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos,

nunha materia de especial complexidade pola imbricación de categorías xurídicas e conceptos tecnolóxicos en permanente evolución.

O real decreto axústase aos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro (principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguraza xurídica, transparencia e eficiencia), en canto persegue un interese xeral ao concretar determinados aspectos da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e da Lei 40/2015, do 1 de outubro, que van facilitar o uso efectivo dos medios electrónicos da Administración, e o desenvolvemento necesario das citadas leis. A norma é acorde co principio de proporcionalidade ao conter a regulación imprescindible para a consecución dos obxectivos previamente mencionados. Igualmente, axústase ao principio de seguraza xurídica, por ser coherente co resto do ordenamento xurídico, e establecerse un marco normativo estable, integrado e claro. Así mesmo, durante o procedemento de elaboración da norma, formalizáronse os trámites de consulta pública previa e información pública que establece a lei en cumprimento do principio de transparencia, e ficando xustificadas, ademais, no preámbulo os obxectivos que persegue este real decreto. Por último, en virtude do principio de eficiencia a norma non introduce ningunha variación, en materia de cargas administrativas, respecto das leis que con esta norma se desenvolven.

Así mesmo, o proxecto recibiu o informe da Axencia Española de Protección de Datos e someteuse á consulta das comunidades autónomas e da Federación Española de Municipios e Provincias a través da Comisión Sectorial de Administración Electrónica e ao informe dos diferentes ministerios.

O real decreto dítase en exercicio da habilitación normativa contida na disposición derradeira sexta da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e na disposición derradeira décimo quinta da Lei 40/2015, do 1 de outubro, para levar a cabo o seu desenvolvemento regulamentario no referido á xestión electrónica dos procedementos e ao funcionamento electrónico do sector público e garantir, así, a efectiva aplicación e implantación das previsións que ambas as leis establecen, todo isto ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18.^a da Constitución. Os artigos 15,16, 23, 26, 28.2, 28.3 e 29.4 e a disposición adicional terceira do regulamento, canto á súa relación coa ciberseguraza e o seu impacto na seguraza das redes e sistemas de información, dítanse, ademais, de acordo co disposto nos artigos 149.1.21.^a e 149.1.29.^a da Constitución, que atribúen ao Estado a competencia exclusiva en materia de telecomunicacións e en materia de seguraza pública, respectivamente.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital e do ministro de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de marzo de 2021,

DISPOÑO:

Artigo único. Aprobación do Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.

Apróbase o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, cuxo texto se inclúe a seguir.

Disposición transitoria primeira. Destrucción de documentos en soporte non electrónico.

1. Transcorridos dous anos desde a entrada en vigor deste real decreto, os documentos en soporte non electrónico que se encontren nas oficinas de asistencia en materia de rexistros e dos cales se obtivese unha copia electrónica auténtica de conformidade cos requisitos que establece o Esquema nacional de interoperabilidade e a súa normativa técnica complementaria, para o seu rexistro e incorporación ao correspondente expediente electrónico, poderán ser eliminados nas mesmas condicións que establece este real decreto.

Para isto será necesaria a comunicación previa á autoridade cualificadora correspondente, que irá acompañada dunha análise de riscos, coa especificación das garantías de conservación das copias electrónicas e do cumprimento das condicións de seguranza que, en relación coa conservación e arquivamento dos documentos electrónicos, estableza o Esquema nacional de seguridade, a normativa de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a lexislación de arquivos e patrimonio histórico e cultural e a normativa específica que sexa de aplicación.

2. Así mesmo, transcorridos dous anos desde a entrada en vigor deste real decreto poderán destruírse as copias en papel dos documentos previstos no artigo 49 do Regulamento que se encontren nas oficinas de rexistro e das cales se obtivese no seu momento a correspondente copia electrónica.

Disposición transitoria segunda. *Portais de internet existentes e aplicacións específicas no ámbito estatal.*

1. A supresión dos portais de internet creados no ámbito estatal antes da entrada en vigor deste real decreto rexeráse polas regras aplicables no momento da súa creación.

2. No prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto, no ámbito de cada ministerio analizarase a oportunidade de manter os seus portais de internet existentes e os dos seus organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes respectivos, así como das páxinas web promocionais («microsites»). Para esa análise aplicaranse os mesmos criterios previstos no artigo 6 para crear novos portais e decidirse acerca de mantelos ou suprimilos.

En caso de que se decida suprimilos, valorarase se é pertinente ou non incorporar no PAXe da Administración xeral do Estado a información que se contiña neses portais até a supresión.

3. Realizado o proceso previsto no número anterior, no prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor deste real decreto publicarase no PAXe da Administración xeral do Estado unha resolución do secretario xeral de Función Pública en que figurará a lista de portais de internet activos da Administración xeral do Estado e dos organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes desta.

4. No prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor deste real decreto e a partir da información facilitada polos ministerios, a Secretaría Xeral de Administración Dixital realizará o censo de aplicacións específicas deseñadas para dispositivos móbiles («app») para utilizar nos procedementos da Administración xeral do Estado.

5. No ámbito da Administración xeral do Estado, os portais de internet moi recoñecidos e identificables polos usuarios, creados antes da entrada en vigor deste real decreto, rexeráse polas regras aplicables no momento da súa creación canto a nomenclatura, sen necesidade de que modifiquen o nome do dominio de segundo nivel.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste real decreto e, en concreto, o Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

1. Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de procedemento administrativo común e para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas.

2. Os artigos 15, 16, 23, 26, 28.2, 28.3 e 29.4 e a disposición adicional terceira do Regulamento que aproba este real decreto, canto á súa relación coa ciberseguranza e o seu impacto na seguranza das redes e sistemas de información, dítanse, ademais, de

acordo co disposto nos artigos 149.1.21.^a e 149.1.29.^a da Constitución, que atribúen ao Estado a competencia exclusiva en materia de telecomunicacións e en materia de seguranza pública, respectivamente.

3. Non ten carácter básico e será de aplicación unicamente no ámbito estatal o disposto:

a) Na disposición transitoria segunda e na disposición derradeira terceira deste real decreto.

b) No segundo parágrafo do número 3 do artigo 3, nos artigos 6, 7.4, 8, 10.3, 10.4, 13.2, 17, 18.2, 19.3, 19.4, 21.4, 23.2, 24, 25.4, 28.3, 30.2, 31, 33, 36, 38.1, no segundo parágrafo do número 4 do artigo 39, nos artigos 40, 42.5, 48, 53.5, 55.2, 57, 60.3, 62.2 e nas disposicións adicionais primeira, segunda, cuarta, quinta, sexta, no segundo número da disposición adicional sétima do Regulamento que aproba este real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica.*

O Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica, queda modificado como segue:

Un. O artigo 9 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 9. *Inventarios de información administrativa.*

1. Cada Administración pública manterá actualizado o conxunto dos seus inventarios de información administrativa que incluíra, ao menos:

a) A relación dos procedementos administrativos e servizos prestados de forma clasificada e estruturada. As administracións públicas conectarán electronicamente os seus inventarios co Sistema de información administrativa xestionado polo Ministerio de Política Territorial e Función Pública en colaboración co Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.

b) A relación dos órganos administrativos e oficinas orientadas ao público e as relacións entre eles. O inventario conectarase electronicamente co Directorio común de unidades orgánicas e oficinas, xestionado polo Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, en colaboración co Ministerio de Política Territorial e Función Pública, que proverá unha codificación unívoca.

2. Cada Administración pública regulará a creación e mantemento destes dous inventarios, nas condicións que se determinen, con carácter xeral, polas normas técnicas de interoperabilidade correspondentes; se for o caso, as administracións públicas poderán facer uso dos citados Sistema de información administrativa e Directorio común de unidades orgánicas e oficinas para crear e manter os seus propios inventarios. Para a descrición e modelización dos procedementos administrativos e dos procesos que os soportan será de aplicación o previsto sobre estándares no artigo 11.»

Dous. O parágrafo a) do artigo 11.3 queda redactado como segue:

«a) O uso das especificacións técnicas das TIC na contratación pública xunto coas definicións de norma e especificación técnica establecidos no Regulamento n.º 1025/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012, sobre normalización europea.»

Tres. Modifícase o artigo 14, que queda redactado como segue:

«Artigo 14. *Plan de redireccionamento da Administración.*

As administracións públicas aplicarán o Plan de redireccionamento e interconexión de redes na Administración, desenvolvido na norma técnica de interoperabilidade correspondente, para interconectárense a través das redes de comunicacións.»

Catro. Modifícase o artigo 16, que queda redactado como segue:

«Artigo 16. *Condicións de licenciamiento aplicables.*

1. As condicións de licenciamiento das aplicacións informáticas, documentación asociada e calquera outro obxecto de información cuxo titular dos dereitos da propiedade intelectual sexa dunha Administración pública e permita a súa posta á disposición doutra Administración e dos cidadáns terán en conta os seguintes aspectos:

- a) O fin perseguido é o aproveitamento e a reutilización de recursos públicos.
- b) A completa protección contra a súa apropiación exclusiva ou parcial por parte de terceiros.
- c) A exención de responsabilidade do cedente polo posible mal uso por parte do cesionario.
- d) A non obrigação de asistencia técnica ou de mantemento por parte do cedente.
- e) A ausencia total de responsabilidade por parte do cedente con respecto ao cesionario en caso de erros ou mal funcionamento da aplicación.
- f) O licenciamiento realizarase por defecto sen contraprestación e sen necesidade de establecer convenio ningún. Soamente se poderá acordar a repercusión parcial do custo de adquisición ou desenvolvemento das aplicacións cedidas naqueles casos en que este pagamento repercuta directamente no incremento de funcionalidades do activo cedido, inclúa adaptacións concretas para o seu uso no organismo cesionario ou impliquen o fornecemento de servizos de asistencia ou soporte para a súa reutilización no organismo cesionario.

2. As administracións públicas utilizarán para as aplicacións informáticas, documentación asociada e calquera outro obxecto de información declarado como de fontes abertas aquelas licenzas que aseguren que os programas, datos ou información cumpren os seguintes requisitos:

- a) Poden executarse para calquera propósito.
- b) Permiten coñecer o seu código fonte.
- c) Poden modificarse ou mellorarse.
- d) Poden redistribuírse a outros usuarios con ou sen cambios sempre que a obra derivada mantéña estas catro garantías.

3. Para este fin procurárase a aplicación da licenza pública da Unión Europea, sen prexuízo doutras licenzas que garantan os mesmos dereitos expostos nos números 1 e 2.

4. Para efectos de facilitar o establecemento das condicións de licenciamiento, as administracións públicas incluírán nos pregos de cláusulas técnicas daqueles contratos que teñan por finalidade o desenvolvemento de novas aplicacións informáticas os seguintes aspectos:

- a) Que a Administración contratante adquira os dereitos completos de propiedade intelectual das aplicacións e calquera outro obxecto de información que se desenvolva como obxecto dese contrato.

b) Que no caso de reutilizar activos previamente existentes, a Administración contratante reciba un produto que poida ofrecer para a súa reutilización posterior a outras administracións públicas. Ademais, no caso de partir de produtos de fontes abertas, que sexa posible declarar como de fontes abertas a futura aplicación desenvolvida.»

Cinco. Modifícase o artigo 17, que queda redactado como segue:

«Artigo 17. *Directorios de aplicacións reutilizables.*

1. A Administración xeral do Estado manterá o Directorio xeral de aplicacións para a súa libre reutilización, de acordo co artigo 158 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, a través do Centro de transferencia de tecnoloxía. Este directorio poderá ser utilizado por outras administracións públicas. No caso de dispor dun directorio propio, deberá garantir que as aplicacións dispoñibles nese directorio propio se poden consultar tamén a través do Centro de transferencia de tecnoloxía.

2. As administracións públicas conectarán os directorios de aplicacións para a súa libre reutilización entre si; e con instrumentos equivalentes do ámbito da Unión Europea.

3. As administracións públicas publicarán as aplicacións reutilizables, en modo produto ou en modo servizo, nos directorios de aplicacións para a súa libre reutilización, con ao menos o seguinte contido:

a) Código fonte das aplicacións finalizadas, no caso de seren reutilizables en modo produto e teren sido declaradas de fontes abertas.

b) Documentación asociada.

c) Condicións de licenciamento de todos os activos, no caso de seren reutilizables en modo produto, ou nivel de servizo ofrecido, no caso de seren reutilizables en modo servizo.

d) Os custos asociados á súa reutilización, no caso de existiren.

4. As administracións procurarán a incorporación á aplicación orixinal daquelas modificacións ou adaptacións realizadas sobre calquera aplicación que se obtivese desde un directorio de aplicacións reutilizables.»

Seis. Modifícase o artigo 18, que queda redactado como segue:

«Artigo 18. *Interoperabilidade na política de sinatura electrónica e de certificados.*

1. A Administración xeral do Estado definirá unha política de sinatura electrónica e de certificados que servirá de marco xeral de interoperabilidade para o recoñecemento mutuo das sinaturas electrónicas baseadas en certificados de documentos administrativos nas administracións públicas.

Todos os organismos e entidades de dereito público da Administración xeral do Estado aplicarán a política de sinatura electrónica e de certificados a que se refire o parágrafo anterior. A non aplicación de tal política deberá ser xustificada polo órgano ou organismo competente e autorizada pola Secretaría Xeral de Administración Dixital.

2. As restantes administracións públicas poderán acollerse á política de sinatura electrónica e de certificados a que fai referencia o número anterior.

3. Sen prexuízo do exposto no número anterior, as administracións públicas poderán aprobar outras políticas de sinatura electrónica dentro dos seus respectivos ámbitos competenciais.

As políticas de sinatura electrónica que aproben as administracións públicas partirán da norma técnica establecida para tal efecto na disposición adicional primeira, dos estándares técnicos existentes, e deberán ser interoperables coa política marco de sinatura electrónica mencionada no número 1, en particular, cos seus ficheiros de implementación. A Administración pública propoñente dunha

política de sinatura electrónica particular garantizará a súa interoperabilidade coa citada política marco de sinatura electrónica e cos seus correspondentes ficheiros de implementación segundo as condicións establecidas na norma técnica de interoperabilidade recollida para tal efecto na disposición adicional primeira.

4. Co obxecto de garantir a interoperabilidade das sinaturas electrónicas emitidas conforme as políticas establecidas, as políticas de sinatura electrónica que as administracións públicas aproben deberán ser comunicadas, xunto cos seus correspondentes ficheiros de implementación, á Secretaría Xeral de Administración Dixital do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.

5. As administracións públicas receptoras de documentos electrónicos asinados, sempre que admitisen con anterioridade a política de sinatura do emisor, permitirán a validación das sinaturas electrónicas segundo a política de sinatura indicada na sinatura do documento electrónico.

6. Os perfís comúns dos campos dos certificados definidos pola política de sinatura electrónica e de certificados posibilitarán a interoperabilidade entre as aplicacións usuarias, de maneira que tanto a identificación como a sinatura electrónica xerada a partir destes perfís comúns poidan ser recoñecidos polas aplicacións das distintas administracións públicas sen ningún tipo de restrición técnica, semántica ou organizativa.

7. Os procedementos en que se utilicen certificados de sinatura electrónica deberán aterse á política de sinatura electrónica e de certificados aplicable no seu ámbito, particularmente na aplicación dos datos obrigatorios e opcionais, as regras de creación e validación de sinatura electrónica, os algoritmos que se utilicen e as lonxitudes de clave mínimas aplicables.»

Sete. Elimínase o artigo 19.

Oito. Modifícase a disposición adicional primeira, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional primeira. *Desenvolvemento do Esquema nacional de interoperabilidade.*

1. Desenvolveranse as seguintes normas técnicas de interoperabilidade, que serán de obrigado cumprimento para as administracións públicas:

a) Norma técnica de catálogo de estándares: establecerá un conxunto de estándares que satisfagan o previsto no artigo 11 de forma estruturada e con indicación dos criterios de selección e ciclo de vida aplicados.

b) Norma técnica de documento electrónico: tratará os metadatos mínimos obrigatorios, a asociación dos datos e metadatos de sinatura ou de selaxe de tempo, así como outros metadatos complementarios asociados; e os formatos de documento.

c) Norma técnica de dixitalización de documentos: tratará os formatos e estándares aplicables, os niveis de calidade, as condicións técnicas e os metadatos asociados ao proceso de dixitalización.

d) Norma técnica de expediente electrónico: tratará da súa estrutura e formato, así como das especificacións dos servizos de remisión e posta á disposición.

e) Norma técnica de política de sinatura electrónica e de certificados da Administración: tratará, entre outras cuestións recollidas na súa definición no anexo, aquelas que afectan a interoperabilidade, incluíndo os formatos de sinatura, os algoritmos que se utilicen e as lonxitudes mínimas das claves, as regras de creación e validación da sinatura electrónica, a xestión das políticas de sinatura, o uso das referencias temporais e de selo de tempo, así como a normalización da representación da sinatura electrónica en pantalla e en papel para o cidadán e nas relacións entre as administracións públicas.

f) Norma técnica de protocolos de intermediación de datos: tratará as especificacións dos protocolos de intermediación de datos que faciliten a integración

e reutilización de servizos nas administracións públicas e que serán de aplicación para os prestadores e consumidores de tales servizos.

g) Norma técnica de relación de modelos de datos que teñan o carácter de comúns na Administración e aqueles que se refiran a materias suxeitas a intercambio de información cos cidadáns e outras administracións.

h) Norma técnica de política de xestión de documentos electrónicos: incluírá directrices para a asignación de responsabilidades, tanto directivas como profesionais, e a definición dos programas, procesos e controis de xestión de documentos e administración dos repositorios electrónicos, e a documentación deles, que serán desenvolvidos polas administracións públicas e polos organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes daquelas.

i) Norma técnica de requisitos de conexión á Rede de comunicacións das administracións públicas españolas.

j) Norma técnica de procedementos de copia auténtica e conversión entre documentos electrónicos, así como desde papel ou outros medios físicos a formatos electrónicos.

k) Norma técnica de modelo de datos para o intercambio de asentos entre as entidades rexistras: tratará de aspectos funcionais e técnicos para o intercambio de asentos rexistras, xestión de erros e excepcións, xestión de anexos, requirimentos tecnolóxicos e transformacións de formatos.

l) Norma técnica de reutilización de recursos de información: tratará das normas comúns sobre a localización, descrición e identificación unívoca dos recursos de información postos á disposición do público por medios electrónicos para a súa reutilización.

m) Norma técnica de interoperabilidade de inventario e codificación de obxectos administrativos: tratará as regras relativas á codificación de obxectos administrativos, así como a conexión entre os inventarios correspondentes, incluíndo, por un lado, as unidades orgánicas e oficinas da Administración e, por outro lado, a información administrativa de procedementos e servizos.

n) Norma técnica de interoperabilidade de transferencia e ingreso de documentos e expedientes electrónicos: tratará os requisitos e condicións relativos á transferencia de agrupacións documentais en formato electrónico, documentos e expedientes electrónicos, xunto cos metadatos asociados, entre sistemas de xestión de documentos electrónicos e sistemas de arquivamento electrónico.

ñ) Norma técnica de interoperabilidade de valoración e eliminación de documentos e expedientes electrónicos: tratará as condicións e requisitos relativos á valoración dos documentos e expedientes electrónicos para establecemento de prazos de conservación, transferencia e acceso ou, se for o caso, eliminación total ou parcial.

o) Norma técnica de interoperabilidade de preservación de documentación electrónica: tratará as condicións e requisitos relativos á conservación dos documentos electrónicos para garantir a súa autenticidade, integridade, confidencialidade, dispoñibilidade e rastrexabilidade, así como a protección, recuperación e conservación física e lóxica dos documentos e do seu contexto.

p) Norma técnica de interoperabilidade de tratamento e preservación de bases de datos: tratará as condicións e requisitos relativos á conservación das bases de datos para garantir a súa autenticidade, integridade, confidencialidade, dispoñibilidade e rastrexabilidade, permitindo a protección, recuperación e conservación física e lóxica dos datos e do seu contexto.

q) Norma técnica de interoperabilidade de Plan de redireccionamento: tratará regras aplicables á asignación e requisitos para garantir a correcta administración da Rede de comunicacións das administracións públicas españolas e evitar o uso de enderezos duplicados.

r) Norma técnica de interoperabilidade de reutilización de activos en modo produto e en modo servizo: tratará os requisitos e condicións para facilitar a

reutilización de activos tanto en modo produto como en modo servizo polas administracións públicas españolas.

s) Norma técnica de interoperabilidade do modelo de datos e condicións de interoperabilidade dos rexistros de funcionarios habilitados: tratará os aspectos funcionais e técnicos para a plena interoperabilidade dos rexistros electrónicos de funcionarios habilitados pertencentes ás administracións, así como a interconexión destes ás sedes electrónicas.

t) Norma técnica de interoperabilidade do modelo de datos e condicións de interoperabilidade dos rexistros electrónicos de apoderamentos: tratará os aspectos funcionais e técnicos para a plena interoperabilidade dos rexistros electrónicos de apoderamentos pertencentes ás administracións, así como a interconexión destes ás sedes electrónicas, aos rexistros mercantís, da propiedade e aos protocolos notariais.

u) Norma técnica de interoperabilidade de sistema de referencia de documentos e repositorios de confianza: tratará os requisitos técnicos que deberán cumprir as referencias a documentos ao seren intercambiadas, de forma que se evite trasladar documentación de forma innecesaria.

v) Norma técnica de política de sinatura electrónica e de certificados no ámbito estatal: tratará as directrices e normas técnicas aplicables á utilización de certificados e sinatura electrónica dentro do seu ámbito de aplicación, organizadas arredor dos conceptos de xeración e validación de sinatura, e incluírá os perfís interoperables dos medios de identificación das administracións públicas previstos en Lei 40/2015, do 1 de outubro.

2. O Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, por proposta da Comisión Sectorial de Administración electrónica prevista na disposición adicional novena da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, aprobará as normas técnicas de interoperabilidade e publicaráas mediante resolución da secretaria de Estado de Dixitalización e Intelixencia Artificial.

3. Para a redacción e actualización das normas técnicas de interoperabilidade indicadas no número 1 e as futuras que poida aprobar o Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital que sexan necesarias para garantir o adecuado nivel de interoperabilidade como consecuencia do nivel de desenvolvemento tecnolóxico, os compromisos internacionais ou o marco normativo aplicable, constituiranse os correspondentes grupos de traballo nos órganos colexiados con competencias en materia de Administración electrónica.

Para garantir a debida interoperabilidade en materia de ciberseguranza e criptografía, en relación coa aplicación do Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de interoperabilidade no ámbito da administración electrónica, o órgano competente será o Centro Criptolóxico Nacional, adscrito ao Centro Nacional de Intelixencia.

4. Desenvolveranse os seguintes instrumentos para a interoperabilidade:

a) Sistema de información administrativa: inventario de procedementos administrativos, servizos prestados e outras actuacións administrativas que xeren documentación pública, que conterá a información clasificada por funcións e con indicación do seu nivel de informatización, así como información acerca das interfaces co obxecto de favorecer a interacción ou, se for o caso, a integración dos procesos.

b) Centro de interoperabilidade semántica da Administración: almacenará, publicará e difundirá os modelos de datos dos servizos de interoperabilidade entre administracións públicas e destas cos cidadáns, tanto comúns como sectoriais, así como os relativos a infraestruturas e servizos comúns, ademais das especificacións semánticas e codificacións relacionadas. O seu propósito é facilitar a comprensión semántica dos servizos de intercambio de datos das administracións e maximizar a reutilización de activos semánticos na construción destes. Conectarase con outros

instrumentos equivalentes das administracións públicas e do ámbito da Unión Europea.

c) Centro de transferencia de tecnoloxía: directorio de aplicacións para a súa libre reutilización, que conterá a relación de aplicacións para a súa libre reutilización, incluíndo, ao menos, os datos descritivos relativos ao nome da aplicación, breve descrición das súas funcionalidades, uso e características, licenza, principais estándares abertos aplicados e estado de desenvolvemento.

d) Directorio común de unidades orgánicas e oficinas das administracións públicas: instrumento que permitirá a sincronización dos sistemas que traten a información de inventario, codificación e evolución de unidades orgánicas e oficinas en diferentes modalidades de integración para garantir a flexibilidade tanto no consumo como na provisión de información relacionada.»

Nove. Suprímese a disposición adicional terceira.

Dez. Suprímese a disposición adicional cuarta.

Once. Modifícase o anexo da forma seguinte:

1. Suprímese o termo « Familia ».
2. A seguir do termo « Índice electrónico » substitúese o vixente termo « Infraestruturas e servizos comúns » polo termo « Infraestrutura ou servizo común » coa seguinte redacción:

« Infraestrutura ou servizo común: capacidade organizativa e técnica que satisfai necesidades comúns dos usuarios en diversos ámbitos da Administración, xunto coa súa gobernanza operativa de apoio, que poden ter carácter horizontal ou sectorial, con diversos modos de provisión, como servizo ou como produto, ou integración a modo de plataforma, que facilitan a interoperabilidade, a seguranza, as economías de escala, a racionalización e a simplificación da actuación administrativa. »

3. A seguir do termo « Estándar aberto » introdúcese o termo « Ficheiros de implementación das políticas de sinatura » coa seguinte redacción:

« Ficheiros de implementación das políticas de sinatura: son a representación en linguaxe formal (XML ou ASN.1) das condicións establecidas na política de sinatura, acorde coas normas técnicas establecidas polos organismos de estandarización. »

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 931/2017, do 27 de outubro, polo que se regula a Memoria da análise de impacto normativo.*

Modifícanse o parágrafo segundo da alínea d) e a alínea g) do número 1 do artigo 2 do Real decreto 931/2017, do 27 de outubro, polo que se regula a Memoria da análise de impacto normativo, que quedan redactados como segue:

« 2.º O impacto orzamentario comprenderá, ao menos, unha referencia aos efectos nos ingresos e gastos públicos e incluírá a incidencia nos gastos de persoal, dotacións ou retribucións, gastos en medios ou servizos da Administración dixital ou calquera outro gasto ao servizo do sector público. »

« g) Outros impactos: a memoria do análise de impacto normativo incluírá calquera outro particular que poida ser relevante a criterio do órgano propoñente, prestando especial atención aos impactos de carácter social e ambiental, ao impacto en materia de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade e ao impacto que terá para a cidadanía e para a Administración o desenvolvemento ou uso dos medios e servizos da Administración dixital que ocasione a norma. »

Disposición derradeira cuarta. *Habilitación normativa.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio de Política Territorial e Función Pública e a persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital no ámbito das súas competencias, para ditar as disposicións e adoptar as medidas necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto e do regulamento que aproba, así como para modificar o seu anexo.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 2 de abril de 2021.

Dado en Madrid o 30 de marzo de 2021.

FELIPE R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,
Relacións coas Cortes e Memoria Democrática,
CARMEN CALVO POYATO

REGULAMENTO DE ACTUACIÓN E FUNCIONAMENTO DO SECTOR PÚBLICO POR MEDIOS ELECTRÓNICOS

Título preliminar. Disposicións xerais.

- Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.
- Artigo 2. Principios xerais.
- Artigo 3. Dereito e obrigación de relacionarse electronicamente coas administracións públicas.
- Artigo 4. Canles de asistencia para o acceso aos servizos electrónicos.

Título I. Portais de internet, punto de acceso xeral electrónico e sedes electrónicas.

- Artigo 5. Portais de internet das administracións públicas.
- Artigo 6. Creación e supresión de portais de internet no ámbito estatal
- Artigo 7. Punto de acceso xeral electrónico.
- Artigo 8. Carpeta cidadá do sector público estatal.
- Artigo 9. Sedes electrónicas das administracións públicas.
- Artigo 10. Creación e supresión das sedes electrónicas e sedes electrónicas asociadas.
- Artigo 11. Contido e servizos das sedes electrónicas e sedes electrónicas asociadas.
- Artigo 12. Responsabilidade sobre a sede electrónica ou sede electrónica asociada.

Título II. Procedemento administrativo por medios electrónicos.

Capítulo I. Disposicións xerais.

- Artigo 13. Actuación administrativa automatizada.
- Artigo 14. Réxime de emendas.

Capítulo II. Da identificación e autenticación das administracións públicas e das persoas interesadas.

Sección 1.^a Disposicións comúns á identificación e á autenticación e condicións de interoperabilidade.

- Artigo 15. Sistemas de identificación, sinatura e verificación.
- Artigo 16. Plataformas de verificación de certificados electrónicos e doutros sistemas de identificación.
- Artigo 17. Política de sinatura electrónica e de certificados no ámbito estatal.

Sección 2.^a Identificación electrónica das administracións públicas e autenticación do exercicio da súa competencia.

- Artigo 18. Identificación das sedes electrónicas e das sedes electrónicas asociadas.
- Artigo 19. Identificación mediante selo electrónico baseado en certificado electrónico cualificado que reúna os requisitos exixidos pola lexislación de sinatura electrónica.
- Artigo 20. Sistemas de sinatura electrónica para a actuación administrativa automatizada.
- Artigo 21. Sistemas de sinatura baseados en código seguro de verificación para a actuación administrativa automatizada.
- Artigo 22. Sistemas de sinatura electrónica do persoal ao servizo das administracións públicas.
- Artigo 23. Certificados electrónicos de empregado público con número de identificación profesional.
- Artigo 24. Sistemas de identificación e sinatura electrónica do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes.
- Artigo 25. Intercambio electrónico de datos en contornos fechados de comunicación.

Sección 3.^a Identificación e sinatura das persoas interesadas.

Artigo 26. Sistemas de identificación das persoas interesadas no procedemento.

Artigo 27. Atributos mínimos dos certificados electrónicos cando se utilizan para a identificación das persoas interesadas ante as administracións públicas.

Artigo 28. Sistemas de clave concertada e outros sistemas de identificación das persoas interesadas.

Artigo 29. Sistemas de sinatura electrónica das persoas interesadas admitidos polas administracións públicas e réxime de uso.

Artigo 30. Identificación ou sinatura electrónica das persoas interesadas mediante persoal funcionario público habilitado.

Artigo 31. Rexistro de Funcionarios Habilitados da Administración xeral do Estado.

Sección 4.^a Acreditación da representación das persoas interesadas.

Artigo 32. Acreditación na actuación por medio de representante.

Artigo 33. Rexistro Electrónico de Apoderamentos da Administración xeral do Estado.

Artigo 34. Acreditación da representación mediante certificado electrónico cualificado de representante.

Artigo 35. Acreditación e verificación das representacións que resulten dun documento público notarial ou certificación dun rexistro mercantil.

Artigo 36. Autorización de representantes de terceiros pola Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes.

Capítulo III. Rexistros, comunicacións e notificacións electrónicas.

Sección 1.^a Rexistros electrónicos.

Artigo 37. Rexistro electrónico.

Artigo 38. Rexistro Electrónico Xeral da Administración xeral do Estado.

Artigo 39. Presentación e tratamento de documentos en rexistro.

Artigo 40. Oficinas de asistencia en materia de rexistros no ámbito da Administración xeral do Estado.

Sección 2.^a Comunicacións e notificacións electrónicas.

Artigo 41. Comunicacións administrativas ás persoas interesadas por medios electrónicos.

Artigo 42. Práctica das notificacións a través de medios electrónicos.

Artigo 43. Aviso de posta á disposición da notificación.

Artigo 44. Notificación a través do enderezo electrónico habilitado único.

Artigo 45. Notificación electrónica en sede electrónica ou sede electrónica asociada.

Título III. Expediente administrativo electrónico.

Capítulo I. Documento administrativo electrónico e copias

Artigo 46. Documento administrativo electrónico.

Artigo 47. Requisitos de validez e eficacia das copias auténticas de documentos.

Artigo 48. Órganos competentes para a emisión de copias auténticas de documentos no ámbito estatal.

Artigo 49. Emisión de copias de documentos achegados en papel polo interesado.

Artigo 50. Referencia temporal dos documentos administrativos electrónicos.

Artigo 51. Configuración do expediente administrativo electrónico.

Artigo 52. Exercicio do dereito de acceso ao expediente electrónico e obtención de copias dos documentos electrónicos.

Artigo 53. Tempo de conservación e destrución de documentos.

Capítulo II. Arquivo electrónico de documentos.

Artigo 54. Conservación de documentos electrónicos.

Artigo 55. Arquivo electrónico único.

Título IV. Das relacións e colaboración entre as administracións públicas para o funcionamento do sector público por medios electrónicos.

Capítulo I. Colaboración entre as administracións públicas para a actuación administrativa por medios electrónicos.

Artigo 56. Relacións interadministrativas e interorgánicas por medios electrónicos.

Artigo 57. Comunicacions na Administración xeral do Estado.

Artigo 58. Adhesión a sedes electrónicas e sedes electrónicas asociadas.

Artigo 59. Adhesión á Carpeta cidadá do sector público estatal.

Artigo 60. Sistema de interconexión de rexistros.

Artigo 61. Transmisións de datos.

Artigo 62. Plataformas de intermediación de datos.

Artigo 63. Remisión electrónica de expedientes administrativos no ámbito das administracións públicas mediante posta á disposición.

Capítulo II. Transferencia e uso compartido de tecnoloxías entre administracións públicas.

Artigo 64. Reutilización de sistemas e aplicacións das administracións públicas.

Artigo 65. Adhesión ás plataformas da Administración xeral do Estado.

Disposición adicional primeira. Obrigatoriedade de uso de medios electrónicos nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público no ámbito da Administración xeral do Estado.

Disposición adicional segunda. Formación de empregados e empregadas públicos da Administración xeral do Estado.

Disposición adicional terceira. Nodo de interoperabilidade de identificación electrónica do Reino de España.

Disposición adicional cuarta. Adhesión das entidades de dereito privado vinculadas ou dependentes da Administración xeral do Estado no exercicio de potestades administrativas ás sedes electrónicas e sedes electrónicas asociadas e sistema de sinatura e notificacións electrónicas aplicables.

Disposición adicional quinta. Adhesión dos órganos constitucionais ao uso das plataformas, rexistros ou servizos electrónicos da Administración xeral do Estado.

Disposición adicional sexta. Situación das sedes electrónicas e subsedes electrónicas no ámbito estatal existentes canda a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición adicional sétima. Interoperabilidade dos rexistros electrónicos de apoderamentos.

Disposición adicional oitava. Supletoriedade en Rexistro Civil.

Disposición adicional novena. Autorización dos sistemas de identificación previstos no artigo 9.2.c) e dos sistemas de sinatura previstos no artigo 10.2.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Disposición adicional décima. Especialidades por razón de materia.

Anexo. Definicións.

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais*Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este regulamento ten por obxecto desenvolver a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no referido á actuación e ao funcionamento electrónico do sector público.

2. O ámbito subxectivo de aplicación é o establecido no artigo 2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e o artigo 2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Artigo 2. Principios xerais.

O sector público deberá respectar os seguintes principios nas súas actuacións e relacións electrónicas:

a) Os principios de neutralidade tecnolóxica e de adaptabilidade ao progreso das tecnoloxías e sistemas de comunicacións electrónicas, para garantir tanto a independencia na elección das alternativas tecnolóxicas necesarias para relacionarse coas administracións públicas por parte das persoas interesadas e polo propio sector público, como a liberdade para desenvolver e implantar os avances tecnolóxicos nun ámbito de libre mercado. Para estes efectos, o sector público utilizará estándares abertos, así como, se for o caso e de forma complementaria, estándares que sexan de uso xeneralizado.

As ferramentas e dispositivos que deban utilizarse para a comunicación por medios electrónicos, así como as súas características técnicas, serán non discriminatorios, estarán dispoñibles de forma xeral e serán compatibles cos produtos informáticos de uso xeral.

b) O principio de accesibilidade, entendido como o conxunto de principios e técnicas que se deben respectar ao deseñar, construír, manter e actualizar os servizos electrónicos para garantir a igualdade e a non discriminación no acceso das persoas usuarias, en particular das persoas con discapacidade e das persoas de idade.

c) O principio de facilidade de uso, que determina que o deseño dos servizos electrónicos estea centrado nas persoas usuarias, de forma que se minimize o grao de coñecemento necesario para o uso do servizo.

d) O principio de interoperabilidade, entendido como a capacidade dos sistemas de información e, por tanto, dos procedementos a que estes dan soporte, de compartir datos e posibilitar o intercambio de información entre eles.

e) O principio de proporcionalidade, en cuxa virtude soamente se exixirán as garantías e medidas de seguranza adecuadas á natureza e circunstancias dos distintos trámites e actuacións electrónicas.

f) O principio de personalización e proactividade, entendido como a capacidade das administracións públicas para que, partindo do coñecemento adquirido do usuario final do servizo, proporcione servizos mediante formularios precompletados e se anticipe ás posibles necesidades.

Artigo 3. Dereito e obrigação de relacionarse electronicamente coas administracións públicas.

1. Estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas para realizar calquera trámite dun procedemento administrativo, ao menos, os suxeitos a que se refire o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

2. As persoas físicas non obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas poderán exercer o seu dereito a relacionarse electronicamente coa Administración pública de que se trate ao inicio do procedemento e, para tal efecto, comunicarano ao órgano competente para a tramitación de forma que este poida ter constancia da dita decisión. A vontade de relacionarse electronicamente ou, se

for o caso, de deixar de facelo cando xa se tiña optado anteriormente por isto, poderá realizarse nunha fase posterior do procedemento, ben que deberá comunicarse ao citado órgano de forma que quede constancia dela. En ambos os casos, os efectos da comunicación produciranse a partir do quinto día hábil seguinte a aquel en que o órgano competente para tramitar o procedemento tivo constancia dela.

3. De acordo co previsto no número 3 do artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a obrigatoriedade de relacionarse electronicamente poderá ser establecida regulamentariamente polas administracións públicas para determinados procedementos e para certos colectivos de persoas físicas que, por razón da súa capacidade económica, técnica, dedicación profesional ou outros motivos, quede acreditado que teñen acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios.

Para tal efecto, no ámbito estatal a mencionada obrigatoriedade de relacionarse por medios electrónicos cos seus órganos, organismos e entidades de dereito público poderá ser establecida por real decreto acordado en Consello de Ministros ou por orde da persoa titular do departamento competente respecto dos procedementos de que se trate que afecten o ámbito competencial de un ou varios ministerios cuxa regulación non requira de norma con rango de real decreto. Así mesmo, publicarase no Punto de acceso xeral electrónico (PAXe) da Administración xeral do Estado e na sede electrónica ou sede asociada que corresponda.

Artigo 4. *Canles de asistencia para o acceso aos servizos electrónicos.*

As administracións públicas prestarán a asistencia necesaria para facilitar o acceso das persoas interesadas aos servizos electrónicos proporcionados no seu ámbito competencial a través dalgunha ou algunhas das seguintes canles:

- a) Presencial, a través das oficinas de asistencia que se determinen.
- b) Portais de internet e sedes electrónicas.
- c) Redes sociais.
- d) Telefónico.
- e) Correo electrónico.
- f) Calquera outra canle que poida establecerse de acordo co previsto no artigo 12 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

TÍTULO I

Portais de internet, Punto de acceso xeral electrónico e sedes electrónicas

Artigo 5. *Portais de internet das administracións públicas.*

1. De acordo co previsto no artigo 39 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, enténdese por portal de internet o punto de acceso electrónico cuxa titularidade corresponda a unha Administración pública, organismo público ou entidade de dereito público que permite o acceso a través da internet á información e, se for o caso, á sede electrónica ou sede electrónica asociada correspondente.

2. Cada Administración poderá determinar os contidos e canles mínimas de atención ás persoas interesadas e de difusión e prestación de servizos que deban ter os seus portais, así como criterios obrigatorios de imaxe institucional. En calquera caso, deberán terse en conta os contidos, formatos e funcionalidades que na normativa de reutilización, accesibilidade e transparencia se establezan como obrigatorios para os sitios web.

3. Os portais de internet disporán de sistemas que permitan o establecemento de medidas de seguranza de acordo co establecido no Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de seguridade no ámbito da Administración electrónica.

Artigo 6. *Creación e supresión de portais de internet no ámbito estatal.*

1. No ámbito estatal, a creación ou supresión de portais levarase a cabo por orde da persoa titular do ministerio correspondente ou por resolución da persoa titular do órgano superior, no caso da Administración xeral do Estado, e por resolución da persoa titular da Presidencia ou da Dirección, no caso dos seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes.

A creación requirirá informe favorable da Comisión Ministerial de Administración Dixital respectiva e posterior comunicación ao Ministerio de Política Territorial e Función Pública e ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital. Para obter tal informe favorable, a proposta de creación do novo portal deberase xustificar en termos de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos e interese prioritario para a implantación dunha política pública ou a aplicación da normativa da Unión Europea ou nacional e para tal efecto o órgano promotor da creación do novo portal remitirá unha memoria xustificativa e económica.

A supresión de portais requirirá a comunicación previa ao Ministerio de Política Territorial e Función Pública e ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.

2. O acto ou resolución de creación dun novo portal previsto no número anterior conterá, ao menos, a identificación do seu enderezo electrónico, que deberá incluír o nome de dominio de segundo nivel «.gob.es», o seu ámbito funcional e, se for o caso, orgánico e a finalidade para que se crea. Para facilitar a súa identificación, seguirán as disposicións xerais que se establezan para a imaxe institucional da Administración xeral do Estado.

3. No ámbito estatal os portais de internet a que se refire este artigo deberán estar referenciados no PAXe da Administración xeral do Estado.

Artigo 7. *Punto de acceso xeral electrónico.*

1. As administracións públicas contarán cun punto de acceso xeral electrónico (PAXe).

2. O PAXe de cada Administración pública facilitará o acceso aos servizos, trámites e información dos órganos, organismos públicos e entidades vinculados ou dependentes da Administración pública correspondente.

3. O PAXe disporá dunha sede electrónica a través da cal se poderá acceder a todas as sedes electrónicas e sedes asociadas da Administración pública correspondente.

Ademais, esta sede poderá incluír unha área personalizada a través da cal cada interesado, mediante procedementos seguros que garantan a integridade e confidencialidade dos seus datos persoais, poderá acceder á súa información, ao seguimento dos trámites administrativos que o afecten e ás notificacións e comunicacións no ámbito da Administración pública competente.

4. O PAXe da Administración xeral do Estado e a súa sede electrónica serán xestionados polo Ministerio de Política Territorial e Función Pública en colaboración coa Secretaría Xeral de Administración Dixital do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.

Na dita sede electrónica está aloxado o enderezo electrónico habilitado único a que se refire o artigo 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

O PAXe da Administración xeral do Estado, a través da súa sede, permitirá a comprobación da autenticidade e integridade dos documentos facilitados polo sector público estatal a través do código seguro de verificación ou de calquera outro sistema de sinatura ou selo baseado en certificado electrónico cualificado que se utilizase na súa xeración. Tamén permitirá, se for o caso, a súa recuperación.

5. O PAXe da Administración xeral do Estado poderá interoperar con portais web oficiais da Unión Europea.

Artigo 8. *Carpeta cidadá do sector público estatal.*

1. A Carpeta cidadá é a área personalizada das persoas interesadas a que se refire o artigo 7.3 na súa relación co sector público estatal. Ademais do interesado, poderán acceder á Carpeta cidadá:

- a) Os seus representantes legais.
- b) Quen teña un poder xeral previsto no artigo 6.4.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, outorgado polo interesado e inscrito no Rexistro Electrónico de Apoderamentos.

2. A Carpeta cidadá será accesible a través da sede electrónica do PAXe da Administración xeral do Estado e poderá ofrecer, entre outras, as funcionalidades seguintes para o interesado ou os seus representantes:

- a) Permitir o seguimento do estado de tramitación dos procedementos en que sexa interesado, de acordo co previsto no artigo 53.1.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.
- b) Permitir o acceso ás súas comunicacións e notificacións.
- c) Coñecer cales dos seus datos están en poder do sector público estatal, sen prexuízo das limitacións que estableza a normativa vixente.
- d) Facilitar a obtención de certificacións administrativas exixidas pola normativa correspondente.

3. O interesado accederá á Carpeta cidadá mediante os sistemas de identificación a que se refire o artigo 9.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

4. O interesado deberá asegurar o bo uso dos sistemas de identificación e velar por que o acceso á súa carpeta Cidadá só o faga el mesmo ou un terceiro autorizado.

Artigo 9. *Sedes electrónicas das administracións públicas.*

1. De acordo co previsto no artigo 38 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, unha sede electrónica é aquel enderezo electrónico dispoñible para a cidadanía por medio de redes de telecomunicacións. Mediante a sede electrónica realizaranse todas as actuacións e trámites referidos a procedementos ou a servizos que requiran a identificación da Administración pública e, se for o caso, a identificación ou sinatura electrónica das persoas interesadas.

2. A titularidade da sede electrónica corresponde a unha Administración pública ou ben a un ou varios organismos públicos ou entidades de dereito público no ámbito das súas competencias.

Artigo 10. *Creación e supresión das sedes electrónicas e sedes electrónicas asociadas.*

1. Poderanse crear unha ou varias sedes electrónicas asociadas a unha sede electrónica atendendo a razóns técnicas e organizativas. A sede electrónica asociada terá consideración de sede electrónica para todos os efectos.

2. O acto ou resolución de creación ou supresión dunha sede electrónica ou sede electrónica asociada será publicado no boletín oficial que corresponda en función de cal sexa a Administración pública titular da sede ou sede asociada e tamén no directorio do punto de acceso xeral electrónico que corresponda. No caso das entidades locais, o boletín oficial será o da provincia a que pertenza a entidade.

O acto ou resolución de creación determinará, ao menos:

- a) O ámbito de aplicación da sede electrónica ou sede electrónica asociada.
- b) A identificación do enderezo electrónico de referencia da sede electrónica ou sede electrónica asociada que se cree, así como dos enderezos das sedes electrónicas que desde o momento da creación xa sexan asociadas daquela. As sedes electrónicas asociadas con posterioridade á publicación do instrumento de creación referenciaranse no mencionado enderezo electrónico.
- c) A identificación do titular.

d) A identificación do órgano ou órganos encargados da xestión e dos servizos postos á disposición nela.

3. No ámbito estatal, tanto a creación ou supresión dunha sede electrónica asociada á sede electrónica do PAXe da Administración xeral do Estado como a creación ou supresión de sedes electrónicas ou sedes electrónicas asociadas dos organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes farase mediante orde da persoa titular do departamento competente ou por resolución da persoa titular da presidencia ou da dirección do organismo ou entidade de dereito público competente, co informe previo favorable do Ministerio de Política Territorial e Función Pública e do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.

4. Para obter os informes previos favorables a que se refire o número anterior, a proposta de creación da nova sede electrónica ou, se for o caso, sede electrónica asociada terase que xustificar en termos de eficiencia na asignación e utilización de recursos públicos. Para tal efecto, o órgano promotor da creación da sede electrónica remitirá unha memoria xustificativa e económica en que se explicita o volume de trámites que está previsto xestionar a través dela, os efectos orzamentarios e económicos do seu establecemento, a súa incidencia na redución do tempo de resolución dos procedementos e de cargas administrativas para as persoas interesadas e calquera outra razón de interese xeral que xustifique a súa creación.

Artigo 11. *Contido e servizos das sedes electrónicas e sedes asociadas.*

1. Toda sede electrónica ou sede electrónica asociada disporá do seguinte contido mínimo á disposición das persoas interesadas:

a) A identificación da sede electrónica ou sede electrónica asociada, así como do órgano ou organismo titular e os órganos competentes para a xestión da información, servizos, procedementos e trámites postos a disposición nela.

b) A identificación do acto ou disposición de creación e o acceso a este, directamente ou mediante ligazón á súa publicación no boletín oficial correspondente.

c) A información necesaria para a correcta utilización da sede electrónica, incluíndo o seu mapa ou información equivalente, con especificación da estrutura de navegación e as distintas seccións dispoñibles, así como a relativa á propiedade intelectual, protección de datos persoais e accesibilidade.

d) A relación de sistemas de identificación e sinatura electrónica que sexan admitidos ou utilizados nela.

e) A normativa reguladora do Rexistro a que se acceda a través da sede electrónica.

f) A data e hora oficial, así como o calendario de días inhábiles para efectos do cómputo de prazos aplicable á Administración en que se integre o órgano, organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente que sexa titular da sede electrónica ou sede electrónica asociada.

g) Información acerca de calquera incidencia técnica que aconteza e imposibilite o funcionamento ordinario do sistema ou aplicación que corresponda, así como da ampliación do prazo non vencido que, se for o caso, tiver acordado o órgano competente debido á dita circunstancia.

h) Relación actualizada dos servizos, procedementos e trámites dispoñibles.

i) Relación actualizada das actuacións administrativas automatizadas vinculadas aos servizos, procedementos e trámites descritos na alínea anterior. Cada unha acompañarase da descrición do seu deseño e funcionamento, dos mecanismos de rendición de contas e transparencia, así como dos datos utilizados na súa configuración e aprendizaxe.

2. As sedes electrónicas e sedes electrónicas asociadas disporán, ao menos, dos seguintes servizos á disposición das persoas interesadas:

a) Un acceso aos servizos e trámites dispoñibles na sede electrónica ou sede electrónica asociada, con indicación dos prazos máximos de duración dos procedementos,

excluíndo as posibles ampliacións ou suspensións que, se for o caso, poida acordar o órgano competente.

b) Unha ligazón para a formulación de suxestións e queixas ante os órganos que en cada caso resulten competentes.

c) Os mecanismos de comunicación e o procedemento de reclamación establecidos ao respecto dos requisitos de accesibilidade dos sitios web e aplicacións móbiles do sector público.

d) Un sistema de verificación dos certificados da sede electrónica.

e) Un sistema de verificación dos selos electrónicos dos órganos, organismos públicos ou entidades de dereito público que abranga a sede electrónica ou sede electrónica asociada.

f) Un servizo de comprobación da autenticidade e integridade dos documentos emitidos polos órganos, organismos públicos ou entidades de dereito público comprendidos no ámbito da sede electrónica, que fosen asinados por calquera dos sistemas de sinatura conforme a Lei 40/2015, do 1 de outubro, e para os cales se xerese un código seguro de verificación.

g) Un acceso aos modelos, e sistemas de presentación masiva, de uso voluntario, que permitan ás persoas interesadas presentar simultaneamente varias solicitudes na forma que estableza, se for o caso, cada Administración, organismo público ou entidade de dereito público titular da sede electrónica ou sede electrónica asociada.

h) O acceso aos modelos normalizados de presentación de solicitudes que estableza, se for o caso, cada Administración ou organismo público ou entidade de dereito público titular da sede electrónica ou sede electrónica asociada.

i) Un servizo de consulta do directorio xeográfico de oficinas de asistencia en materia de rexistros que permita ao interesado identificar a máis próxima ao seu enderezo de consulta.

3. De acordo co previsto no artigo 66.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, as administracións públicas deberán manter e actualizar na sede electrónica correspondente unha lista cos códigos de identificación vixentes dos seus órganos, centros ou unidades administrativas.

Artigo 12. *Responsabilidade sobre a sede electrónica ou sede electrónica asociada.*

1. O titular da sede electrónica e, se for o caso, da sede electrónica asociada, será responsable da integridade, veracidade e actualización da información e os servizos da súa competencia a que poida accederse a través dela.

2. En caso de que a sede electrónica ou sede electrónica asociada conteña unha ligazón ou vínculo a outra sede ou sede asociada, será o titular desta última o responsable da integridade, veracidade e actualización da información ou procedementos que figuren nela, sen prexuízo da debida dilixencia do titular da primeira respecto da incorporación dos contidos nela.

3. En caso de que unha sede electrónica ou sede electrónica asociada conteña procedementos, servizos ou ambos cuxa competencia corresponda a outro órgano administrativo, organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente, sexa da mesma ou de diferente Administración, o titular da competencia será responsable da integridade, veracidade e actualización do relativo a eses procedementos, servizos ou ambos, sen prexuízo da debida dilixencia do titular da sede electrónica ou sede electrónica asociada respecto da incorporación dos contidos nela.

TÍTULO II

Procedemento administrativo por medios electrónicos

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 13. *Actuación administrativa automatizada.*

1. A tramitación electrónica dunha actuación administrativa poderá levarse a cabo, entre outras formas, de maneira automatizada de acordo co previsto no artigo 41 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

2. No ámbito estatal a determinación dunha actuación administrativa como automatizada autorizarase por resolución do titular do órgano administrativo competente por razón da materia ou do órgano executivo competente do organismo ou entidade de dereito público, segundo corresponda, e publicarase na sede electrónica ou sede electrónica asociada. A resolución expresará os recursos que procedan contra a actuación, o órgano administrativo ou xudicial, se for o caso, ante o cal deban presentarse e prazo para interposos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que coiden oportuno, e establecerá medidas adecuadas para salvagardar os dereitos e liberdades e os intereses lexítimos das persoas interesadas.

3. No ámbito das entidades locais, en caso de actuación administrativa automatizada observárase o disposto na disposición adicional oitava do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Artigo 14. *Réxime de emenda.*

1. Se existe a obrigação do interesado de relacionarse a través de medios electrónicos e aquel non os utilizou, o órgano administrativo competente no ámbito de actuación requirirá a correspondente emenda, advertindo o interesado, ou, se for o caso, o seu representante, de que, de non ser atendido o requirimento no prazo de dez días, se terá por desistido da súa solicitude ou se poderá declarar decaído no seu dereito ao trámite correspondente, precedendo resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Este réxime de emenda será, así mesmo, aplicable ás persoas físicas non obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas que, de acordo co disposto no artigo 3.2, exercen o seu dereito a relacionarse electronicamente coa Administración pública de que se trate.

Cando se trate dunha solicitude de iniciación do interesado, a data da emenda considerarase para estes efectos como data de presentación da solicitude de acordo co artigo 68.4 da citada lei.

2. De acordo co establecido no artigo 39.1 deste regulamento, no caso de que as administracións públicas determinasen os formatos e estándares a que deberán axustarse os documentos presentados polo interesado, se este incumpre ese requisito será requirido para que, no prazo de dez días, emende o defecto advertido nos termos establecidos nos artigos 68.1, cando se trate dunha solicitude de iniciación, e 73.2, cando se trate doutro acto, ambos da Lei 39/2015, do 1 de outubro, coa indicación de que, se así non o fixer e precedendo resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da lei citada, se terá por desistido da súa solicitude ou se poderá declarar decaído no seu dereito ao trámite correspondente, respectivamente.

3. No caso de que o escrito ou solicitude presentada padeza calquera outro defecto emendable, pola falta de cumprimento dos requisitos exixidos nos artigos 66, 67 e 73 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou pola falta doutros requisitos exixidos pola lexislación específica aplicable, requirirase a súa emenda no prazo de dez días, nos termos dos

artigos 68.1 e 73.1 da citada lei. Este prazo poderá ser ampliado até cinco días, a petición do interesado ou por iniciativa do órgano, cando a achega dos documentos requiridos, se for o caso, presente dificultades especiais, sempre que non se trate de procedementos selectivos ou de concorrencia competitiva.

CAPÍTULO II

Da identificación e autenticación das administracións públicas e as persoas interesadas

Sección 1.^a Disposicións comúns á identificación e autenticación e condicións de interoperabilidade

Artigo 15. *Sistemas de identificación, sinatura e verificación.*

1. As administracións públicas admitirán, nas súas relacións por medios electrónicos, sistemas de sinatura electrónica que sexan conformes co establecido na normativa vixente sobre sinatura electrónica e resulten adecuados para garantir a identificación das persoas interesadas e, se for o caso, a autenticidade e integridade dos documentos electrónicos.

2. As administracións públicas poderán utilizar os seguintes sistemas para a súa identificación electrónica e para garantir a orixe e integridade dos documentos electrónicos:

- a) Sistemas de identificación das sedes electrónicas e sedes electrónicas asociadas.
- b) Selo electrónico baseado nun certificado electrónico cualificado e que reúna os requisitos exixidos pola lexislación de sinatura electrónica.
- c) Sistemas de sinatura electrónica para a actuación administrativa automatizada.
- d) Sinatura electrónica do persoal ao servizo das administracións públicas.
- e) Intercambio electrónico de datos en contornos fechados de comunicación, conforme o especificamente acordado entre as partes.

3. As persoas interesadas poderán utilizar os seguintes sistemas de identificación e sinatura nas súas relacións electrónicas coas administracións públicas:

a) De acordo co previsto no artigo 9.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, os interesados poderán identificarse electronicamente ante as administracións públicas a través dos sistemas descritos nas letras a), b) e c) dese artigo. Neste último suposto os sistemas deberán ser autorizados previamente pola Secretaría Xeral de Administración Dixital do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, que só poderá denegalos por motivos de seguranza pública, precedendo informe vinculante da Secretaría de Estado de Seguranza do Ministerio do Interior.

b) Así mesmo, consideraranse válidos para efectos de sinatura electrónica ante as administracións públicas os sistemas previstos nas alíneas a), b) e c) do artigo 10.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

c) De acordo co previsto no artigo 10.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, cando así o dispoña expresamente a normativa reguladora aplicable, as administracións públicas poderán admitir os sistemas de identificación previstos na citada lei como sistema de sinatura cando permitan acreditar a autenticidade da expresión da vontade e consentimento dos interesados.

4. A Administración non será responsable da utilización por terceiras persoas dos medios de identificación persoal e sinatura electrónica do interesado, salvo que concorran os requisitos establecidos no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, para a exixencia de responsabilidade patrimonial.

Artigo 16. *Plataformas de verificación de certificados electrónicos e doutros sistemas de identificación.*

1. A Administración xeral do Estado disporá dunha plataforma para a verificación da vixencia e do contido dos certificados cualificados admitidos no sector público. O sistema deberá permitir que tal verificación se poida levar a cabo de forma libre e gratuíta para o sector público.

A Secretaría Xeral de Administración Dixital será o órgano responsable desta plataforma, que estará dispoñible para todo o sector público logo de formalización do correspondente instrumento de adhesión.

2. Esta plataforma disporá dunha declaración de prácticas de validación en que se detallarán as obrigacións que se comprometen a cumprir tanto a plataforma como as persoas usuarias en relación cos servizos de verificación. Esta declaración estará dispoñible ao público por vía electrónica e con carácter gratuío.

3. Os prestadores cualificados de servizos de confianza deberán facilitar a esta plataforma o acceso electrónico e gratuío para a verificación da vixencia dos certificados electrónicos emitidos por aqueles en virtude da súa cualificación de acordo coa lexislación aplicable en materia de servizos electrónicos de confianza.

Artigo 17. *Política de sinatura electrónica e de certificados no ámbito estatal.*

1. A política de sinatura electrónica e de certificados no ámbito estatal está constituída polas directrices e normas técnicas aplicables á utilización de certificados e sinatura electrónica.

2. Sen prexuízo das obrigacións dos prestadores de servizos de confianza previstas na Lei 6/2020, do 11 de novembro, reguladora de determinados aspectos dos servizos electrónicos de confianza e do resto de normativa vixente, a política de sinatura electrónica e certificados deberá conter en todo caso:

- a) A definición do seu ámbito de aplicación.
- b) Os requisitos das sinaturas electrónicas presentadas ante os órganos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes.
- c) As especificacións técnicas e operativas para a definición e prestación dos servizos de confianza asociados ás novas formas de identificación e autenticación da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos e entidades vinculados ou dependentes recollidas neste regulamento.

3. A política de sinatura electrónica e certificados no ámbito estatal será aprobada por resolución da persoa titular da Secretaría de Estado de Dixitalización e Intelixencia Artificial e se publicará no «Boletín Oficial del Estado» e na sede electrónica do PAXe da Administración xeral do Estado.

Sección 2.^a Identificación electrónica das administracións públicas e autenticación do exercicio da súa competencia

Artigo 18. *Identificación das sedes electrónicas e das sedes electrónicas asociadas.*

1. De acordo co previsto no artigo 38 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, as sedes electrónicas e sedes electrónicas asociadas utilizarán, para identificarse e garantir unha comunicación segura con elas, certificados cualificados de autenticación de sitio web ou medio equivalente. Estes certificados electrónicos axustaranse ao sinalado no Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de interoperabilidade, e a normativa vixente en materia de identidade e sinatura electrónica.

2. No ámbito estatal as sedes electrónicas e sedes electrónicas asociadas identificaranse mediante certificados cualificados de autenticación de sitio web.

Con carácter adicional e para a súa identificación inmediata, os cidadáns e cidadás disporán da información xeral obrigatoria que debe constar nelas de acordo co establecido neste regulamento. Os enderezos electrónicos que teñan a condición de sede electrónica ou sede electrónica asociada deberán facelo constar de forma visible e inequívoca. Para facilitar a súa identificación, seguirán as disposicións xerais que se establezan para a imaxe institucional da Administración xeral do Estado e o seu enderezo electrónico incluírá o nome de dominio «.gob.es».

Artigo 19. Identificación mediante selo electrónico baseado en certificado electrónico cualificado que reúna os requisitos exixidos pola lexislación de sinatura electrónica.

1. De acordo co previsto no artigo 40 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, as administracións públicas poderán identificarse mediante o uso dun selo electrónico baseado nun certificado electrónico cualificado que reúna os requisitos exixidos pola lexislación de sinatura electrónica. Estes certificados electrónicos incluírán o número de identificación fiscal e a denominación correspondente, así como, se for o caso, a identidade da persoa titular no caso dos selos electrónicos de órganos administrativos.

2. A relación de selos electrónicos utilizados por cada Administración pública, incluíndo as características dos certificados electrónicos e os prestadores que os expiden, deberá ser pública e accesible por medios electrónicos e publicarse na sede electrónica ou sede asociada ou no portal de internet correspondente. Ademais, cada Administración pública adoptará as medidas adecuadas para facilitar a verificación dos seus selos electrónicos.

3. No ámbito estatal, a creación de selos electrónicos realizarase mediante resolución da persoa titular da subsecretaría do ministerio ou da persoa titular da presidencia ou da dirección do organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente, que se publicará na sede electrónica ou sede electrónica asociada correspondente. Nesa resolución deberá constar:

a) O órgano, organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente titular do selo, que será o responsable da súa utilización, con indicación do seu ministerio de adscrición, vinculación ou dependencia.

b) Características técnicas xerais do sistema de sinatura e certificado aplicable.

c) Servizo de validación para a verificación do certificado.

d) Actuacións e procedementos en que poderá ser utilizado.

4. Os certificados de selo electrónico no ámbito estatal terán, ao menos, os seguintes contidos:

a) Descrición do tipo de certificado, coa denominación «selo electrónico».

b) Nome do subscritor.

c) Número de identificación fiscal do subscritor.

Artigo 20. Sistemas de sinatura electrónica para a actuación administrativa automatizada.

1. De acordo co previsto no artigo 42 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, na tramitación administrativa automatizada dos procedementos, cada Administración pública poderá determinar os supostos de utilización dos seguintes sistemas de sinatura electrónica:

a) Selo electrónico de Administración pública, órgano, organismo público ou entidade de dereito público, a que se refire o artigo 19 deste regulamento, baseado en certificado electrónico cualificado que reúna os requisitos exixidos pola lexislación de sinatura electrónica.

b) Código seguro de verificación vinculado á Administración pública, órgano, organismo público ou entidade de dereito público, nos termos e condicións establecidos, que permite, en todo caso, a comprobación da integridade do documento mediante o acceso á sede electrónica correspondente.

2. Cada Administración determinará os medios admitidos para a sinatura electrónica nas entidades de dereito privado vinculadas ou dependentes cando estas tramiten procedementos de forma automatizada no exercicio de potestades administrativas.

Artigo 21. *Sistemas de sinatura baseados en código seguro de verificación para a actuación administrativa automatizada.*

1. De acordo co previsto no artigo 42.b) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, as administracións públicas poderán utilizar sistemas de código seguro de verificación de documentos no desenvolvemento de actuacións automatizadas.

O dito código vinculará o órgano, organismo público ou entidade de dereito público e, se for o caso, a persoa asinante do documento, permitíndose en todo caso a comprobación da integridade do documento na sede electrónica ou sede electrónica asociada correspondente mediante un procedemento de verificación directo e gratuito para as persoas interesadas.

2. O sistema de código seguro de verificación deberá garantir, en todo caso:

a) A orixe e integridade dos documentos mediante o acceso á sede electrónica ou sede electrónica asociada correspondente.

b) O carácter único do código xerado para cada documento.

c) A súa vinculación co documento xerado e, se for o caso, co asinante. O código seguro de verificación e o enderezo electrónico de acceso á sede electrónica ou sede electrónica asociada deberán integrarse preferentemente en todas as páxinas do documento asinado co dito código. Calquera modificación do documento xerado dará lugar a un novo documento cun código seguro de verificación diferente.

d) A posibilidade de verificar o documento na sede electrónica ou sede electrónica asociada, como mínimo, polo tempo que se estableza na resolución que autorice a utilización deste procedemento. Unha vez que o documento deixe de estar dispoñible na sede electrónica ou sede electrónica asociada, a súa dispoñibilidade por outras canles rexeráse polo disposto na estratexia de conservación implantada por cada Administración pública a través da súa política de xestión documental.

e) Un acceso restrinxido ao documento a quen dispoña do código seguro de verificación, sen prexuízo das garantías adicionais que se poidan establecer.

3. Nas comunicacións de documentos electrónicos a outros órganos, organismos ou entidades e cando así o determinen as partes implicadas, a interoperabilidade garantirase mediante a superposición ao código seguro de verificación dun selo electrónico dos previstos no artigo 42 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, como mecanismo de verificación automática da orixe e integridade dos documentos electrónicos nos termos que estableza a Norma técnica de interoperabilidade de documento electrónico.

4. No ámbito estatal, a utilización deste sistema requirirá resolución da persoa titular da subsecretaría do ministerio ou da persoa titular da presidencia ou da dirección do organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente, logo de informe do Centro Criptolóxico Nacional e da Secretaría Xeral de Administración Dixital.

A orde ou resolución de creación deberá incluír:

a) Actuacións a que é de aplicación o sistema.

b) Órganos responsables da aplicación do sistema.

c) Disposicións que resultan de aplicación á actuación.

d) Sede electrónica ou sede electrónica asociada a que poden acceder as persoas interesadas para a verificación do contido da actuación ou documento.

e) Prazo de dispoñibilidade para a verificación na sede electrónica ou sede electrónica asociada do código seguro de verificación aplicado a un documento. Este prazo será ao menos de cinco anos, salvo que na normativa especial por razón da materia se preveña un prazo superior. Transcorrido este tempo, será necesario solicitalo ao órgano da Administración pública, organismo público ou entidade de dereito público que emitiu o documento. Neste caso, cando utilice medios electrónicos, a certificación da verificación

realizárase mediante sinatura electrónica do titular do órgano competente ou do empregado ou empregada público que teña atribuída a actuación por aquel órgano.

Artigo 22. Sistemas de sinatura electrónica do persoal ao servizo das administracións públicas.

1. De acordo co previsto no artigo 43 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, sen prexuízo do previsto nos artigos 18, 19 e 20 deste regulamento, a actuación dunha Administración pública, organismo público ou entidade de dereito público, cando utilice medios electrónicos, realizárase mediante sinatura electrónica do titular do órgano competente ou do empregado ou empregada público a través do cal se exerza a competencia.

2. Cada Administración pública determinará os sistemas de sinatura electrónica que debe utilizar o seu persoal. Estes sistemas poderán identificar de forma conxunta o titular do posto de traballo ou cargo e a Administración ou órgano en que presta os seus servizos.

3. Os certificados electrónicos de empregado público serán cualificados e axustaranse ao sinalado no Esquema nacional de interoperabilidade e á lexislación vixente en materia de identidade e sinatura electrónica.

4. Cada Administración determinará os medios admitidos para a sinatura electrónica nas entidades de dereito privado vinculadas ou dependentes desta cando tramiten procedementos no exercicio de potestades administrativas.

Artigo 23. Certificados electrónicos de empregado público con número de identificación profesional.

1. Sen prexuízo do previsto no artigo 22.3 deste regulamento, de acordo co previsto no artigo 43.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, os prestadores cualificados de servizos de confianza poderán consignar un número de identificación profesional no certificado electrónico de empregado público, a petición da Administración en que presta servizos o empregado ou empregada de que se trate, se ese certificado se vai utilizar en actuacións que afecten a información clasificada, a seguranza pública, a defensa nacional ou a outras actuacións para cuxa realización estea legalmente xustificado o anonimato. Estes certificados denominaranse «certificados electrónicos de empregado público con número de identificación profesional».

2. No ámbito estatal corresponderá solicitar a consignación dun número de identificación profesional do empregado ou empregada público á persoa titular da subsecretaría do ministerio ou á persoa titular da presidencia ou da dirección do organismo público ou entidade de dereito público en que preste servizos o empregado ou empregada público.

3. A Administración solicitante do certificado conservará a documentación acreditativa da identidade do titular.

4. Os certificados electrónicos de empregado público con número de identificación profesional serán cualificados e axustaranse ao previsto no Esquema nacional de interoperabilidade e á lexislación vixente en materia de identidade e sinatura electrónica e terán idéntico uso, capacidade e funcionalidade que o certificado electrónico de empregado público, aínda que limitados ás actuacións que xustificaron a súa emisión.

5. As autoridades públicas competentes e os órganos xudiciais, no exercicio das súas funcións e de acordo coa normativa vixente, poderán solicitar a revelación da identidade do titular dun certificado de empregado público con número de identificación profesional mediante petición oficial dirixida á Administración responsable da súa custodia.

Artigo 24. Sistemas de identificación e sinatura electrónica do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes.

1. O persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes poderá identificarse

con aqueles sistemas que, entre os previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, se establezan en función do nivel de seguranza que corresponda ao trámite de que se trate de acordo co Esquema nacional de seguridade.

2. O dito persoal poderá asinar mediante sistemas de sinatura electrónica baseados en certificados electrónicos cualificados facilitados especificamente aos seus empregados e empregadas. Estes sistemas poderán ser utilizados por estes no desempeño efectivo do seu posto de traballo para os trámites e actuacións que realicen por razón del ou para relacionarse coas administracións públicas cando estas o admitan.

3. Poderase dispor de sistemas de identificación de persoal baseados en repositorios de empregados públicos que permitan a relación dos empregados e empregadas públicos con servizos e aplicacións necesarios para o exercicio das súas funcións que en todo caso garantan o previsto no Esquema nacional de seguridade.

4. Os rexistros de persoal da Administración xeral do Estado poderán recoller os datos para a identificación electrónica dos empregados e empregadas públicos, así como a súa cesión a sistemas de identificación de persoal baseados en repositorios de identidades de empregados públicos.

Artigo 25. *Intercambio electrónico de datos en contornos fechados de comunicación.*

1. De acordo co previsto no artigo 44 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, os documentos electrónicos transmitidos en contornos fechados de comunicacións establecidos entre administracións públicas, órganos, organismos públicos e entidades de dereito público serán considerados válidos para efectos de autenticación e identificación dos emisores e receptores nas condicións establecidas neste artigo.

2. Cando os participantes nas comunicacións pertencen a unha mesma Administración pública, esta establecerá as condicións e garantías por que se rexerá, que comprenderán, ao menos, a relación de emisores e receptores autorizados e a natureza dos datos que se intercambien.

3. Cando os participantes pertencen a distintas administracións públicas, as condicións e garantías citadas no número anterior estableceranse mediante convenio suscrito entre aquelas.

4. No ámbito estatal, as condicións e garantías a que se refire o número 2 serán establecidas pola Secretaría Xeral de Administración Dixital.

5. En todo caso deberá garantirse a seguranza do contorno fechado de comunicacións e a protección dos datos que se transmitan conforme os requisitos establecidos no Esquema nacional de seguridade

Sección 3.ª Identificación e sinatura das persoas interesadas

Artigo 26. *Sistemas de identificación das persoas interesadas no procedemento.*

1. De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, os interesados poderán identificarse electronicamente ante as administracións públicas a través de calquera sistema que conte cun rexistro previo como usuario que permita garantir a súa identidade.

2. En particular, de acordo co previsto no artigo 9.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, serán admitidos os seguintes sistemas de identificación electrónica:

a) Sistemas baseados en certificados electrónicos cualificados de sinatura electrónica expedidos por prestadores incluídos na «Lista de confianza de prestadores cualificados de servizos de confianza».

b) Sistemas baseados en certificados electrónicos cualificados de selo electrónico expedidos por prestadores incluídos na «Lista de confianza de prestadores cualificados de servizos de confianza».

c) Sistemas de clave concertada e calquera outro sistema que as administracións públicas consideren válido, nos termos e condicións que se establezan, sempre que contengan cun rexistro previo como usuario que permita garantir a súa identidade, logo de

autorización por parte da Secretaría Xeral de Administración Dixital do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, que só poderá ser denegada por motivos de seguranza pública, logo de informe vinculante da Secretaría de Estado de Seguranza do Ministerio do Interior.

As administracións públicas deberán garantir que a utilización dun dos sistemas previstos nas alíneas a) e b) sexa posible para todo procedemento, mesmo que se admita para ese mesmo procedemento algún dos previstos na alínea c).

Artigo 27. Atributos mínimos dos certificados electrónicos cando se utilizan para a identificación das persoas interesadas ante as administracións públicas.

1. Os sistemas baseados en certificados cualificados de sinatura electrónica admitidos polas administracións públicas para a identificación electrónica de persoa física a que se refire o artigo 9.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, emitidos ao abeiro da Lei 6/2020, do 11 de novembro, deberán conter como atributos, ao menos, o seu nome e apelidos e o seu número de documento nacional de identidade, número de identificación de estranxeiro ou número de identificación fiscal que conste como tal de maneira inequívoca. A comprobación da identidade e outras circunstancias dos solicitantes do certificado realizarase de conformidade co previsto no artigo 7 da Lei 6/2020, do 11 de novembro.

2. Os certificados electrónicos cualificados de representante de persoa xurídica deberán conter, como mínimo, a denominación e o número de identificación fiscal da persoa xurídica e o nome e apelidos e número de documento nacional de identidade, ou número de identificación de estranxeiro ou número de identificación fiscal da persoa que actúa como representante.

3. Os sistemas baseados en certificados cualificados de selo electrónico admitidos polas administracións públicas para a identificación electrónica de persoa xurídica a que se refire o artigo 9.2.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, emitidos ao abeiro da Lei 6/2020, do 11 de novembro, deberán conter, como mínimo, a súa denominación e o seu número de identificación fiscal.

Artigo 28. Sistemas de clave concertada e outros sistemas de identificación das persoas interesadas.

1. Os sistemas de clave concertada ou calquera outro sistema que as administracións públicas consideren válidos, admitidos para a identificación electrónica de persoa física de conformidade co artigo 9.2.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, deberán axustarse ao previsto no Esquema nacional de seguridade e conter, como mínimo, o nome e apelidos e o número de documento nacional de identidade, número de identificación de estranxeiro, número de identificación fiscal e, para os casos en que así se estableza na definición do sistema, o número de pasaporte.

2. Os sistemas de identificación a que se refire o número anterior deberán ser autorizados previamente pola Secretaría Xeral de Administración Dixital do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, que só poderá ser denegada por motivos de seguranza pública, logo de informe vinculante da Secretaría de Estado de Seguranza do Ministerio do Interior.

3. No ámbito estatal, a creación dos novos sistemas de identificación será aprobada por orde da persoa titular do ministerio ou, se for o caso, resolución da persoa titular da presidencia ou da dirección do organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente por razón do ámbito material en que se vaia utilizar, logo da autorización da Secretaría Xeral de Administración Dixital a que se refire o número anterior.

Cando o novo sistema se refira á totalidade da Administración xeral do Estado, requirirase acordo do Consello de Ministros por proposta da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital. Neste caso, este sistema deberá estar

accesible a través da plataforma común do sector público administrativo estatal para a identificación, autenticación e sinatura electrónica mediante o uso de claves concertadas.

Artigo 29. Sistemas de sinatura electrónica das persoas interesadas admitidos polas administracións públicas e réxime de uso.

1. De acordo co previsto no artigo 10.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no caso de que os interesados optasen por relacionarse coas administracións públicas a través de medios electrónicos, consideraranse válidos para efectos de sinatura:

a) Sistemas de sinatura electrónica recoñecida ou cualificada e avanzada baseados en certificados electrónicos cualificados de sinatura electrónica expedidos por prestadores incluídos na «Lista de confianza de prestadores cualificados de servizos de confianza».

b) Sistemas de selo electrónico cualificado e de selo electrónico avanzado baseados en certificados electrónicos cualificados de selo electrónico incluídos na «Lista de confianza de prestadores cualificados de servizos de confianza».

c) Calquera outro sistema que as administracións públicas consideren válido, nos termos e condicións que se establezan, sempre que conte cun rexistro previo como usuario que permita garantir a súa identidade.

As administracións públicas deberán garantir que a utilización dun dos sistemas previstos nas alíneas a) e b) sexa posible para todos os procedementos en todos os seus trámites, aínda que adicionalmente se permita algún dos previstos ao abeiro do disposto na alínea c).

2. O uso da sinatura electrónica non exclúe a obrigaición de incluír no documento ou comunicación electrónica os datos de identificación do interesado e, se for o caso, do representante ou a representante, que sexan necesarios de acordo coa lexislación que lle sexa aplicable.

3. Os sistemas de sinatura electrónica que usen as persoas interesadas permitirán que as administracións públicas poidan verificar os datos consignados da sinatura, de maneira que se poida vincular a súa identidade co acto de sinatura.

4. Os sistemas de sinatura electrónica previstos na alínea c) do número 1 deberán contar coa autorización previa da Secretaría Xeral de Administración Dixital do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, que só poderá ser denegada por motivos de seguranza pública, logo de informe vinculante da Secretaría de Estado de Seguranza do Ministerio do Interior. Así mesmo, deberán cumprir co previsto no Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro.

5. De acordo co previsto no artigo 10.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, cando así o dispoña expresamente a normativa reguladora aplicable, as administracións públicas poderán admitir os sistemas de identificación previstos na citada lei como sistema de sinatura cando permitan acreditar a autenticidade da expresión da vontade e consentimento das persoas interesadas.

Artigo 30. Identificación ou sinatura electrónica das persoas interesadas mediante persoal funcionario público habilitado.

1. De acordo co previsto no segundo parágrafo do artigo 12.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se algún interesado non incluído nos números 2 e 3 do artigo 14 da lei non dispuxer dos medios electrónicos necesarios para a súa identificación ou sinatura electrónica no procedemento administrativo, estas poderán ser validamente realizadas por persoal funcionario público habilitado mediante o uso do sistema de sinatura electrónica de que estea dotado para isto. Neste caso, será necesario que o interesado se identifique ante o funcionario ou funcionaria e preste o seu consentimento expreso para esta actuación, do cal deberá quedar constancia por escrito para os casos de discrepancia ou litixio.

O funcionario habilitado entregará ao interesado toda a documentación acreditativa do trámite realizado, así como unha copia do documento de consentimento expreso

completado e asinado, cuxo formulario estará dispoñible no punto de acceso xeral electrónico da respectiva Administración.

2. No ámbito estatal a identificación e sinatura electrónica do interesado conforme o procedemento descrito no número anterior será realizada necesariamente por un funcionario público inscrito para tal efecto no Rexistro de Funcionarios Habilitados da Administración xeral do Estado.

A identificación ou sinatura electrónica no procedemento por persoal funcionario público habilitado soamente será válida para os trámites e actuacións que determinase con carácter previo cada ministerio, organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente e nos termos que se especifiquen mediante orde conxunta da persoa titular do Ministerio de Política Territorial e Función Pública e da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital. No PAXe da Administración xeral do Estado e nas sedes electrónicas asociadas de cada ministerio ou na sede electrónica ou sede asociada do organismo público ou entidade de dereito público no seu ámbito de competencia, manterase unha relación pública, permanentemente actualizada, de tales trámites e actuacións.

Artigo 31. *Rexistro de Funcionarios Habilitados da Administración xeral do Estado.*

1. Créase o Rexistro de Funcionarios Habilitados no ámbito da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes, no cal constarán inscritos:

a) O persoal funcionario habilitado para a identificación e sinatura electrónica das persoas interesadas naqueles trámites e procedementos que determine o ministerio, organismo ou entidade competente para a súa tramitación.

b) O persoal funcionario habilitado para a expedición de copias auténticas. Esta habilitación será conferida polos órganos a que corresponda a emisión dos documentos orixinais, a súa custodia, o arquivamento de documentos ou que nas súas normas de competencia así se previse.

c) O persoal funcionario habilitado que presta servizo nas oficinas de asistencia en materia de rexistros da Administración xeral do Estado, que estará habilitado para a identificación e sinatura electrónica das persoas interesadas naqueles trámites e procedementos que se determinen e para a expedición de copias auténticas electrónicas de calquera documento que estas presenten para que se remita desde a oficina á unidade competente para a súa incorporación a un expediente administrativo.

2. O Rexistro de Funcionarios Habilitados será xestionado pola Secretaría de Estado de Política Territorial e Función Pública do Ministerio de Política Territorial e Función Pública, en colaboración coa Secretaría Xeral de Administración Dixital do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital. Este rexistro será interoperable cos sistemas equivalentes que xa existan no ámbito da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes.

3. Este rexistro deberá ser plenamente interoperable cos rexistros ou outros sistemas equivalentes que creen as comunidades autónomas e as entidades locais para os efectos de comprobar a validez das citadas habilitacións.

4. Mediante orde conxunta da persoa titular do Ministerio de Política Territorial e Función Pública e da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital regularase o funcionamento do Rexistro de Funcionarios Habilitados.

Sección 4.^a Acreditación da representación das persoas interesadas

Artigo 32. *Acreditación na actuación por medio de representante.*

1. De acordo co previsto no artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, as persoas interesadas con capacidade de obrar poderán actuar ante as administracións públicas por

medio de representante, ben sexa unha persoa física con capacidade de obrar ben sexa unha persoa xurídica cando así estea previsto nos seus estatutos.

2. Os representantes das persoas interesadas obrigadas a relacionarse electronicamente coas administracións públicas están obrigados a relacionarse electronicamente no exercicio desa representación, de acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3. A representación pode acreditarse mediante calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia, entre outros:

a) Mediante apoderamento *apud acta* efectuado por comparecencia persoal nas oficinas de asistencia en materia de rexistros ou comparecencia electrónica na correspondente sede electrónica ou sede electrónica asociada.

b) Mediante acreditación da súa inscrición no rexistro electrónico de apoderamentos da Administración pública competente ou nos seus rexistros particulares de apoderamentos.

c) Mediante un certificado electrónico cualificado de representante.

d) Mediante documento público cuxa matriz conste nun arquivo notarial ou dunha inscrición practicada nun rexistro mercantil.

4. No caso de actuacións en nome de persoa xurídica, a capacidade de representación poderá acreditarse tamén mediante certificado electrónico cualificado de representante, entendendo en tal caso que o poder de representación abrangue calquera actuación ante calquera Administración pública.

5. Así mesmo, de acordo co previsto no artigo 5.7 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, as administracións públicas poderán habilitar con carácter xeral ou específico a persoas físicas ou xurídicas autorizadas para a realización de determinadas transaccións por medios electrónicos en representación das persoas interesadas. Na sede electrónica ou sede electrónica asociada de cada unha das administracións públicas publicaranse os trámites electrónicos que poderán realizarse con esta representación.

Artigo 33. *Rexistro Electrónico de Apoderamentos da Administración xeral do Estado.*

1. Para os efectos previstos no artigo anterior e de acordo co artigo 6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no Rexistro Electrónico de Apoderamentos da Administración xeral do Estado serán inscritos os apoderamentos de carácter xeral previstos no artigo 6.4.a) da citada lei outorgados *apud acta* a favor de representante, presencial ou electronicamente, por quen teña a condición de interesado nun procedemento administrativo para actuar no seu nome ante as administracións públicas.

Así mesmo, poderán inscribirse os poderes previstos no artigo 6.4.b) da lei para actuar ante a Administración xeral do Estado ou ante un organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente dela que non conte cun rexistro electrónico de apoderamentos particular. Por último, poderán inscribirse os poderes previstos no artigo 6.4.c) da lei outorgados para realizar determinados trámites e actuacións especificados no poder ante os órganos da Administración xeral do Estado ou ante un organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente desa Administración que non conte co citado rexistro particular.

Constará no Rexistro a comprobación da suficiencia do poder realizado polos servizos xurídicos correspondentes, sen prexuízo da apreciación concreta da súa suficiencia na actuación, trámite ou procedemento en que se empregue.

2. O Rexistro Electrónico de Apoderamentos da Administración xeral do Estado será xestionado polo Ministerio de Política Territorial e Función Pública coa colaboración do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, e será accesible desde a sede electrónica do PAXe da Administración xeral do Estado, así como desde as sedes e sedes electrónicas asociadas da Administración xeral do Estado e dos organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes.

3. Sen prexuízo deste rexistro xeral de apoderamentos, cada organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente da Administración xeral do Estado

poderá dispor dun rexistro particular de apoderamentos en que se inscriban os poderes outorgados por quen teña a condición de interesado para realizar os trámites específicos da súa competencia e cuxa xestión corresponderá ao propio organismo ou entidade.

Nestes rexistros particulares non poderán inscribirse os poderes previstos no artigo 6.4.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

4. O Rexistro Electrónico de Apoderamentos e os rexistros particulares deberán ser interoperables e non teñen carácter público, polo que o interesado só poderá acceder á información dos apoderamentos de que sexa outorgante ou apoderado.

5. Mediante orde conxunta da persoa titular do Ministerio de Política Territorial e Función Pública e da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital regularanse os requisitos e condicións de funcionamento do Rexistro Electrónico de Apoderamentos da Administración xeral do Estado.

Artigo 34. Acreditación da representación mediante certificado electrónico cualificado de representante.

1. A representación poderá acreditarse ante a Administración cun certificado electrónico cualificado de representante de persoa xurídica que sexa acorde co previsto no artigo 28 e o anexo I do Regulamento (UE) 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, relativo á identificación electrónica e os servizos de confianza para as transaccións, electrónicas no mercado interior e pola que se deroga a Directiva 1999/93/CE (en diante, Regulamento eIDAS) e á Política marco de sinatura electrónica e de certificados a que fai referencia o Esquema nacional de interoperabilidade e, ademais, fose expedido a quen teña un poder xeral para levar a cabo calquera actuación administrativa e ante calquera Administración.

2. A aceptación de certificados electrónicos cualificados de representante de persoa xurídica de alcance non xeral estará suxeita ao Regulamento eIDAS, á Política marco de sinatura electrónica e de certificados a que fai referencia o Esquema nacional de interoperabilidade e, ademais, aos requisitos que dispoña cada Administración.

Artigo 35. Acreditación e verificación das representacións que resulten dun documento público notarial ou certificación dun rexistro mercantil.

1. Cando a representación alegada resulte dun documento público notarial, ou dunha certificación expedida por un rexistro mercantil, o interesado deberá achegar a certificación rexistral electrónica correspondente ou, ao menos, expresar o código seguro ou outro sistema de acceso e verificación do documento electrónico.

2. As administracións públicas efectuarán a verificación da autenticidade e integridade do traslado a papel e o acceso aos metadatos necesarios para a tramitación automatizada da certificación rexistral electrónica, mediante o acceso electrónico e gratuito ao enderezo electrónico que o Consello Xeral do Notariado ou o Colexio de Rexistradores, respectivamente, deberán ter habilitada para tales efectos.

3. Así mesmo, as administracións públicas, cando necesiten comprobar a vixencia, revogación ou cesamento de representacións inscritas no rexistro mercantil, consultarán electronicamente e de modo gratuito o rexistro mercantil.

Artigo 36. Autorización de representantes de terceiros pola Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes.

1. A Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes, de acordo co previsto no artigo 5.7 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, poderán habilitar con carácter xeral ou específico persoas físicas ou xurídicas autorizadas para a realización de determinadas transaccións electrónicas en representación das persoas interesadas.

2. A habilitación requirirá a sinatura previa dun convenio entre o ministerio, organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente competente e a organización ou corporación de que se trate, de acordo do previsto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro. O convenio deberá especificar, ao menos, os procedementos e trámites obxecto da habilitación e as condicións e obrigacións aplicables tanto á entidade asinante do convenio como ás persoas físicas ou xurídicas habilitadas, e determinará a presunción de validez da representación.

Para estes efectos, poderá acordarse un modelo normalizado de convenio que permita dar soporte a esta habilitación nos termos e condicións que as partes acorden, conforme o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, e que inclúa como anexo o modelo individualizado de adhesión ao convenio que, prevendo expresamente a aceptación do seu contido íntegro, deben subscribir as persoas físicas ou xurídicas membros das organizacións ou corporacións asinantes que se adhiran.

3. De acordo co previsto no artigo 32.5, no ámbito da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes, os trámites electrónicos que poderán realizarse con esta representación publicaranse na sede electrónica do PAXe da Administración xeral do Estado e nas respectivas sedes electrónicas ou sedes electrónicas asociadas.

CAPÍTULO III

Rexistros, comunicacións e notificacións electrónicas

Sección 1.^a Rexistros electrónicos

Artigo 37. Rexistro electrónico.

1. As administracións públicas disporán de rexistros electrónicos para a recepción e remisión de solicitudes, escritos e comunicacións, que deberán ser plenamente interoperables de maneira que se garanta a súa compatibilidade informática e interconexión nos termos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no artigo 60 deste regulamento.

2. Cada Administración disporá dun rexistro electrónico xeral en que fará o asento de todo documento que sexa presentado ou que se reciba en calquera órgano administrativo, organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente. Os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes de cada Administración poderán dispor do seu propio rexistro electrónico plenamente interoperable e interconectado co rexistro electrónico xeral da Administración a que estean vinculados ou da cal dependan.

3. Os rexistros electrónicos admitirán:

a) Documentos electrónicos normalizados correspondentes aos servizos, procedementos e trámites que se especifiquen conforme o disposto na norma de creación do rexistro, completados de acordo con formatos preestablecidos.

b) Calquera solicitude, escrito ou comunicación distinta dos mencionados no parágrafo anterior dirixido a calquera Administración pública.

4. De acordo co artigo 16.8 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, non se terán por presentados no rexistro aqueles documentos e información cuxo réxime especial establece outra forma de presentación. Nestes supostos, o órgano administrativo competente para a tramitación do procedemento comunicará esta circunstancia ao interesado e informará dos requisitos exixidos pola lexislación específica aplicable.

Artigo 38. Rexistro Electrónico Xeral da Administración xeral do Estado.

1. O Rexistro Electrónico Xeral da Administración xeral do Estado será xestionado polo Ministerio de Política Territorial e Función Pública en colaboración co Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital e configúrase como o conxunto agregado:

a) Dos asentos practicados a través das aplicacións de que dispoñan as unidades que realicen anotacións en rexistro.

b) Das anotacións que se realicen en calquera aplicación que proporcione soporte a procedementos específicos.

c) Das anotacións que se practiquen por medio do servizo electrónico para a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións que non dispoñan de modelos normalizados de presentación, independentemente das administracións públicas ou organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes a que vaian dirixidos. Este servizo electrónico será accesible desde a sede electrónica do PAXE da Administración xeral do Estado.

2. As anotacións no Rexistro Xeral da Administración xeral do Estado terán plena eficacia e validez para todas as administracións públicas.

Artigo 39. Presentación e tratamento de documentos en rexistro.

1. As administracións públicas poderán determinar os formatos e estándares a que deberán axustarse os documentos presentados polas persoas interesadas no rexistro sempre que cumpran co previsto no Esquema nacional de interoperabilidade e normativa correspondente.

2. No caso de que se detecte código malicioso susceptible de afectar a integridade ou seguranza do sistema en documentos que xa fosen rexistrados, requirirase a súa emenda ao interesado que os presentase de acordo co previsto no artigo 14.3 deste regulamento.

3. Os documentos en soporte non electrónico presentaranse a través das oficinas de asistencia en materia de rexistros. Cando se presenten documentos orixinais ou copias auténticas en soporte non electrónico, desde o momento en que sexan dixitalizados conforme o disposto nas correspondentes normas técnicas de interoperabilidade, terán a consideración de copia electrónica auténtica de documento en soporte papel coa mesma validez para a súa tramitación que os documentos achegados en soporte papel, conforme as previsións do artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

4. Cando o tamaño dos documentos rexistrados exceda a capacidade que se determine para o Sistema de interconexión de rexistros (SIR), a súa remisión á Administración e órgano a que van dirixidos poderá substituírse pola posta á disposición dos documentos, previamente depositados nun repositorio de intercambio de ficheiros.

No ámbito da Administración xeral do Estado, o dito repositorio de intercambio de ficheiros será de titularidade pública e tanto os documentos depositados como os datos que estes conteñan non poderán ser utilizados para fins distintos aos previstos na normativa que regule o procedemento para o cal foron obxecto de rexistro.

5. Os documentos presentados nas oficinas de asistencia en materia de rexistro serán devoltos ás persoas interesadas inmediatamente despois da súa dixitalización ou, en caso contrario, aplicaráselles o previsto no artigo 53 deste regulamento.

6. O arquivamento dos documentos intercambiados por rexistro corresponderá ao órgano competente para a tramitación do procedemento, de acordo ao prazo que determine a súa normativa.

Artigo 40. Oficinas de asistencia en materia de rexistros no ámbito da Administración xeral do Estado.

1. As oficinas de asistencia en materia de rexistros teñen natureza de órgano administrativo de acordo co disposto no artigo 5 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

A creación de novas oficinas, así como a modificación ou supresión das existentes, realizarase conforme o previsto no artigo 59.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

2. A Administración xeral do Estado contará cun directorio xeográfico das oficinas de asistencia en materia de rexistros que será xestionado polo Ministerio de Política Territorial e Función Pública. Para tal efecto, o órgano do que dependa a correspondente oficina de asistencia deberá comunicar de forma inmediata ao citado ministerio a aprobación da norma pola que se cree, modifique ou suprima esa oficina, de acordo co establecido no Esquema nacional de interoperabilidade, garantindo a súa actualización permanente.

3. As oficinas de asistencia en materia de rexistros desenvolverán as seguintes funcións:

a) A dixitalización das solicitudes, escritos e comunicacións en papel que se presenten ou sexan recibidos na oficina e se dirixan a calquera órgano, organismo público ou entidade de dereito público de calquera Administración pública, así como a súa anotación no rexistro electrónico xeral ou rexistro electrónico de cada organismo ou entidade segundo corresponda.

b) A anotación, se for o caso, dos asentos de saída que se realicen de acordo co disposto no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

c) A emisión do correspondente recibo que acredite a data e hora de presentación de solicitudes, comunicacións e documentos que presenten as persoas interesadas.

d) A expedición de copias electrónicas auténticas despois da dixitalización de calquera documento orixinal ou copia auténtica que presenten as persoas interesadas e que se vaia incorporar a un expediente administrativo a través desa oficina no rexistro electrónico correspondente.

e) A información en materia de identificación e sinatura electrónica para a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións a través de medios electrónicos nos trámites e procedementos para os cales se conferise habilitación.

f) A identificación ou sinatura electrónica do interesado, cando se trate dunha persoa non obrigada á relación electrónica coa Administración, nos procedementos administrativos para os cales se previse habilitación.

g) A práctica de notificacións, no ámbito de actuación desa oficina, cando o interesado ou o seu representante comparezan de forma espontánea na oficina e soliciten a comunicación ou notificación persoal nese momento.

h) A comunicación ás persoas interesadas do código de identificación do órgano, organismo público ou entidade a que se dirixe a solicitude, escrito ou comunicación.

i) A iniciación da tramitación do apoderamento presencial *apud acta* nos termos previstos no artigo 6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

j) Calquera outra función que se lle atribúa legal ou regulamentariamente.

Sección 2.^a Comunicacións e notificacións electrónicas

Artigo 41. *Comunicacións administrativas ás persoas interesadas por medios electrónicos.*

Cando, de acordo co previsto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a relación das persoas interesadas coas administracións públicas deba realizarse por medios electrónicos, serán obxecto de comunicación ao interesado por medios electrónicos, ao menos:

a) A data e, se for o caso, hora efectiva de inicio do cómputo de prazos que deba cumprir a Administración despois da presentación do documento ou documentos no rexistro electrónico, de acordo co previsto no artigo 31.2.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

b) A data en que a solicitude foi recibida no órgano competente, o prazo máximo para resolver o procedemento e para a práctica da notificación dos actos que lle poñan termo,

así como dos efectos do silencio administrativo, de acordo co previsto no artigo 21.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

c) A solicitude de pronunciamiento previo e preceptivo a un órgano da Unión Europea e a notificación do pronunciamiento dese órgano da Unión Europea á Administración instrutora de acordo co previsto no artigo 22.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

d) A existencia, desde que se teña constancia, dun procedemento non finalizado no ámbito da Unión Europea que condicione directamente o contido da resolución, así como a finalización do dito procedemento de acordo co previsto no artigo 22.1.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

e) A solicitude dun informe preceptivo a un órgano da mesma ou distinta Administración e a recepción, se for o caso, dese informe, de acordo co previsto no artigo 22.1.d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

f) A solicitude de previo pronunciamiento dun órgano xurisdiccional, cando este sexa indispensable para a resolución do procedemento, así como o contido do pronunciamiento cando a Administración actuante teña a constancia deste de acordo co previsto no artigo 22.1.g) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

g) A realización do requirimento de anulación ou revisión de actos entre administracións previsto no artigo 22.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, así como o seu cumprimento ou, se for o caso, a resolución do correspondente recurso contencioso-administrativo.

Artigo 42. *Práctica das notificacións a través de medios electrónicos.*

1. De acordo co previsto no artigo 43.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, as notificacións por medios electrónicos practícaranse mediante comparecencia na sede electrónica ou sede electrónica asociada da Administración, organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente actuante, a través do enderezo electrónico habilitado único ou mediante ambos os sistemas, segundo dispoña cada Administración, organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente, e debe quedar constancia da data e hora do acceso ao seu contido ou do rexeitamento da notificación.

En caso de que a Administración, organismo ou entidade actuante leve a cabo a posta á disposición das notificacións por ambos os sistemas, para o cómputo de prazos e o resto dos efectos xurídicos tomarase a data e hora de acceso ao contido ou o rexeitamento da notificación polo interesado ou o seu representante no sistema en que ocorresse en primeiro lugar. Para tal efecto deberase dispor dos medios electrónicos necesarios para sincronizar de forma automatizada nun e noutro sistema a información sobre o estado da notificación co obxecto de garantir a eficacia e seguranza xurídica na tramitación do procedemento.

2. Con independencia de que un interesado non estea obrigado a relacionarse electronicamente coas administracións públicas ou de que non comunicase que se lle practiquen notificacións por medios electrónicos, a súa comparecencia voluntaria ou a do seu representante na sede electrónica ou sede asociada dunha Administración, organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente ou a través do enderezo electrónico habilitado único, e o posterior acceso ao contido da notificación ou o rexeitamento expreso desta terá plenos efectos xurídicos.

3. A notificación por comparecencia na sede electrónica ou sede electrónica asociada e a través do enderezo electrónico habilitado único ocasiona a posta á disposición do interesado dun aviso de recepción que permita xustificar ben o acceso ao contido da notificación ben o rexeitamento do interesado a recibila.

O aviso conterá, como mínimo, a identificación do acto notificado e a persoa destinataria, a data e hora en que se produciu a posta á disposición e a data e hora do acceso ao seu contido ou do rexeitamento.

4. Nos supostos de sucesión de persoas físicas ou xurídicas, *inter vivos* ou *mortis causa*, a persoa ou entidade que sucede o interesado comunicará a sucesión ao órgano competente da tramitación do procedemento de cuxa existencia teña coñecemento. Esta

comunicación deberá efectuarse despois da efectividade da sucesión ou desde a inscrición da defunción no Rexistro Civil, no caso de falecemento de persoa física.

O órgano responsable da tramitación procederá, se for o caso, en procedementos non finalizados, a autorizar á persoa ou entidade sucesora o acceso ás notificacións electrónicas xa practicadas desde a data do feito causante da sucesión e a practicar á dita persoa ou entidade sucesora as notificacións electrónicas que se produzan no sucesivo. No caso de que a persoa física sucesora non estea obrigada a relacionarse electronicamente coa Administración e non opte por esta canle de relación, as notificacións que se produzan no sucesivo deberán practicarse en papel, sen prexuízo da garantía de acceso ao expediente completo.

A persoa ou entidade que suceda o interesado nun procedemento do cal coñeza a existencia debe comunicar, conforme o exposto nos parágrafos anteriores, a sucesión á Administración pública a que corresponda a tramitación daquel, no prazo de 15 días hábiles, desde o día seguinte ao da efectividade da sucesión ou desde a inscrición da defunción no Rexistro Civil, no caso de falecemento de persoa física. Se a persoa ou entidade sucesora efectúa a comunicación despois dese prazo, os defectos na práctica de notificacións que deriven deste incumprimento, que acontecesen con anterioridade a esa comunicación, serán imputables ao interesado e darase por cumprida pola Administración, para todos os efectos, a obrigación de posta á disposición da notificación electrónica na sede electrónica ou sede electrónica asociada, a través do enderezo electrónico habilitado único ou ambos, segundo proceda, á persoa xurídica ou persoa física cuxa sucesión o interesado non fixo valer.

5. Toda notificación cuxo emisor pertenza ao ámbito estatal a que se refire o artigo 1.2 deste regulamento porase á disposición do interesado a través do enderezo electrónico habilitado único, incluíndo o suposto previsto no artigo 42.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Así mesmo, os emisores de ámbito estatal poderán notificar na súa sede electrónica ou sede electrónica asociada de forma complementaria á posta a disposición no enderezo electrónico habilitado único.

Artigo 43. *Aviso de posta á disposición da notificación.*

1. De acordo co previsto no artigo 41.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, con independencia de que a notificación se realice en papel ou por medios electrónicos, as administracións públicas, organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes enviarán ao interesado ou, se for o caso, ao seu representante, aviso informándoo da posta á disposición da notificación ben no enderezo electrónico habilitado único ben na sede electrónica ou sede electrónica asociada da Administración, ou organismo ou entidade ou, se for o caso, en ambas.

A falta de práctica deste aviso, de carácter meramente informativo, non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

O aviso remitirase ao dispositivo electrónico ou ao enderezo de correo electrónico que o interesado comunicase voluntariamente para o efecto, ou a ambos, de acordo co previsto no artigo 41.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

O interesado faise responsable, pola comunicación á Administración, organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente, de que dispón de acceso ao dispositivo ou enderezo de correo electrónico designados. En caso de que deixen de estar operativos ou perda a posibilidade de acceso, o interesado está obrigado a comunicar á Administración que non se realice o aviso en tales medios. O incumprimento desta obrigación por parte do interesado non ocasionará responsabilidade ningunha para a Administración polos avisos efectuados a eses medios non operativos.

O aviso regulado neste número soamente se practicará en caso de que o interesado ou o seu representante comunicasen á Administración un dispositivo electrónico ou enderezo de correo electrónico para o efecto.

2. Cando o interesado sexa un suxeito obrigado a relacionarse por medios electrónicos e a Administración emisora da notificación non dispoña de datos de contacto electrónicos para practicar o aviso da súa posta á disposición, nos procedementos

iniciados de oficio a primeira notificación que efectúe a Administración, organismo ou entidade realizárase en papel na forma determinada polo artigo 42.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, advertindo o interesado nesa primeira notificación de que as sucesivas se practicarán en forma electrónica por comparecencia na sede electrónica ou sede electrónica asociada que corresponda ou, se for o caso, a través do enderezo electrónico habilitado único segundo dispuxese para as súas notificacións a Administración, organismo ou entidade respectivo, e dándolle a coñecer que, de acordo co previsto no artigo 41.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, pode identificar un dispositivo electrónico, un enderezo de correo electrónico ou ambos para o aviso da posta á disposición das notificacións electrónicas posteriores.

3. As administracións poderán crear bases de datos de contacto electrónico para a práctica dos avisos de posta á disposición de notificacións no seu respectivo ámbito.

Artigo 44. *Notificación a través do enderezo electrónico habilitado único.*

1. O enderezo electrónico habilitado único é o sistema de información para a notificación electrónica cuxa xestión corresponde ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital en colaboración co Ministerio de Política Territorial e Función Pública.

2. De acordo co previsto no artigo 7.4, o enderezo electrónico habilitado único alóxase na sede electrónica do PAXe da Administración xeral do Estado.

3. A adhesión ao enderezo electrónico habilitado único realizárase nos termos previstos no artigo 65.

Todas as administracións públicas e os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes colaborarán para establecer sistemas interoperables que permitan que as persoas físicas e xurídicas poidan acceder a todas as súas notificacións a través do enderezo electrónico habilitado único, tal como establece o artigo 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Esta previsión será aplicable con independencia de cal sexa a Administración que practica a notificación e se as notificacións se practicaron en papel ou por medios electrónicos.

4. Cando unha incidencia técnica imposibilite o funcionamento ordinario do enderezo electrónico habilitado único, unha vez comunicada a incidencia aos órganos, organismos ou entidades emisores que a utilicen como medio de notificación, estes poderán determinar unha ampliación do prazo non vencido para comparecer e acceder ás notificacións emitidas. En caso de que tamén poñan á disposición as notificacións na súa sede electrónica ou sede electrónica asociada, deberán publicar tamén nesta tanto a incidencia técnica acontecida no enderezo electrónico habilitado único como a ampliación concreta, se for o caso, do prazo non vencido.

5. Con carácter previo ao acceso ao contido da notificación posta á disposición do interesado no enderezo electrónico habilitado único, este será informado de que, de acordo co previsto nos artigos 41 e 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, o dito acceso ao contido, o rexeitamento expreso da notificación ou ben a presunción de rexeitamento por ter transcorrido o prazo de dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen acceder ao seu contido darán por efectuado o trámite de notificación e continuarase o procedemento.

6. Para dar por efectuado o trámite de notificación para efectos xurídicos, no enderezo electrónico habilitado único deberá quedar constancia, con indicación de data e hora, do momento do acceso ao contido da notificación, do rexeitamento expreso ou do vencemento do prazo previsto no artigo 43.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

O estado do trámite de notificación no enderezo electrónico habilitado único sincronizarase automaticamente coa sede electrónica ou sede electrónica asociada na cal, se for o caso, a notificación tamén se puxese á disposición do interesado.

Artigo 45. *Notificación electrónica en sede electrónica ou sede electrónica asociada.*

1. Con carácter previo ao acceso ao contido da notificación posta á disposición do interesado na sede electrónica ou sede electrónica asociada do emisor, este será informado de que, de acordo co previsto nos artigos 41 e 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a comparecencia e acceso ao contido, o rexeitamento expreso da notificación ou ben a presunción de rexeitamento por ter transcorrido o prazo de dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen acceder ao seu contido darán por efectuado o trámite de notificación e continuarase o procedemento.

2. Para dar por efectuado o trámite de notificación para efectos xurídicos, na sede electrónica ou sede electrónica asociada deberá quedar constancia, con indicación de data e hora, do momento do acceso ao contido da notificación, do rexeitamento expreso ou do vencemento do prazo previsto no artigo 43.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

O estado do trámite de notificación na sede electrónica ou sede electrónica asociada sincronizarase automaticamente co enderezo electrónico habilitado único se a notificación tamén se puxo á disposición do interesado naquela.

3. De conformidade co artigo 43.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, entenderase cumprida a obrigaçión de notificar en prazo por parte da Administración, a que se refire o artigo 40.4 da citada lei, coa posta á disposición da notificación na sede ou no enderezo electrónico habilitado único.

TÍTULO III

Expediente administrativo electrónico

CAPÍTULO I

Documento administrativo electrónico e copias

Artigo 46. *Documento administrativo electrónico.*

1. Enténdese por documento administrativo electrónico a información de calquera natureza en forma electrónica, arquivada nun soporte electrónico, segundo un formato determinado e susceptible de identificación e tratamento diferenciado admitido no Esquema nacional de interoperabilidade e normativa correspondente, e que fose xerada, recibida ou incorporada polas administracións públicas no exercicio das súas funcións suxeitas a dereito administrativo.

2. Cando no marco dun procedemento administrativo tramitado por medios electrónicos o órgano actuante estea obrigado a facilitar ao interesado un exemplar dun documento administrativo electrónico, este documento poderase substituír pola entrega dos datos necesarios para o seu acceso por medios electrónicos adecuados.

Artigo 47. *Requisitos de validez e eficacia das copias auténticas de documentos.*

1. De acordo co previsto no artigo 27.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, terá a consideración de copia auténtica dun documento público administrativo ou privado orixinal ou doutra copia auténtica, a realizada, calquera que for o seu soporte, polos órganos competentes das administracións públicas nas cales quede garantida a identidade do órgano que realizou a copia e o seu contido.

2. As copias auténticas expediranse sempre a partir dun orixinal ou doutra copia auténtica e terán a mesma validez e eficacia que os documentos orixinais.

Artigo 48. *Órganos competentes para a emisión de copias auténticas de documentos no ámbito estatal.*

1. No ámbito estatal, serán competentes para a expedición de copias auténticas de documentos públicos administrativos ou documentos privados, que sexan documentos orixinais ou copias auténticas de documento orixinal os seguintes órganos:

- a) Os órganos a que corresponda a emisión dos documentos orixinais.
- b) Os órganos a que corresponda a custodia e arquivamento de documentos.
- c) Os órganos que previsen as súas normas de competencia.
- d) As oficinas de asistencia en materia de rexistros, respecto dos documentos orixinais ou copias auténticas presentados polas persoas interesadas para que se remitan desde a oficina á unidade competente para a súa incorporación a un expediente administrativo.

2. A expedición de copias auténticas de documentos públicos administrativos ou documentos privados, que sexan documentos orixinais ou copias auténticas de documento orixinal, poderá levarse a cabo mediante actuación administrativa automatizada ou por persoal funcionario habilitado inscrito no Rexistro de Funcionarios Habilitados da Administración xeral do Estado a que se refire o artigo 31 deste regulamento.

3. Os titulares dos órganos que se relacionan nas alíneas a), b) c) e d) do número 1 deste artigo designarán os funcionarios e funcionarias habilitados para a emisión das copias electrónicas auténticas, que se levará a cabo mediante o correspondente proceso de dixitalización.

Artigo 49. *Emisión de copias de documentos achegados en papel polo interesado.*

Cando o interesado presente en papel unha copia dun documento público administrativo ou dun documento privado para incorporalo a un expediente administrativo, o proceso de dixitalización efectuado pola Administración pública xerará unha copia electrónica que terá o mesmo valor que a copia presentada en papel.

Artigo 50. *Referencia temporal dos documentos administrativos electrónicos.*

1. Todos os documentos administrativos electrónicos deberán levar asociadas unha das seguintes modalidades de referencia temporal, de acordo co que determinen as normas reguladoras dos respectivos procedementos:

- a) Marca de tempo, entendendo por tal a asignación por medios electrónicos da data e, se for o caso, a hora a un documento electrónico.
- b) Selo electrónico cualificado de tempo, entendendo por tal a asignación por medios electrónicos dunha data e hora a un documento electrónico coa intervención dun prestador cualificado de servizos de confianza que asegure a exactitude e integridade da marca de tempo do documento. Os selos electrónicos de tempo non cualificados serán asimilables para todos os efectos ás marcas de tempo.

2. A marca de tempo será utilizada en todos aqueles casos en que as normas reguladoras non establezan a utilización dun selo electrónico cualificado de tempo.

A información relativa ás marcas e selos electrónicos cualificados de tempo asociarase aos documentos electrónicos na forma que determine o Esquema nacional de interoperabilidade e normativa correspondente.

3. A relación de prestadores cualificados de servizos de confianza que prestan servizos de selaxe de tempo no sector público deberá estar incluída na «Lista de confianza de prestadores cualificados de servizos de confianza».

Artigo 51. *Configuración do expediente administrativo electrónico.*

1. A foliación dos expedientes administrativos electrónicos levarase a cabo mediante un índice electrónico autenticado que garantirá a integridade do expediente e permitirá a súa recuperación sempre que for preciso.
2. Un mesmo documento electrónico poderá formar parte de distintos expedientes administrativos.
3. O índice electrónico autenticado será asinado polo titular do órgano que conforme o expediente para a súa tramitación ou ben poderá ser selado electronicamente no caso de expedientes electrónicos que se formen de maneira automática, a través dun sistema que garanta a súa integridade.

Artigo 52. *Exercicio do dereito de acceso ao expediente electrónico e obtención de copias dos documentos electrónicos.*

De acordo co previsto no artigo 53.1.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, o dereito de acceso das persoas interesadas que se relacionen electronicamente coas administracións públicas ao expediente electrónico e, se for o caso, á obtención dunha copia total ou parcial, entenderase satisfeito mediante a posta á disposición do expediente no punto de acceso xeral electrónico da Administración competente ou na sede electrónica ou sede electrónica asociada que corresponda.

Para tal efecto, a Administración destinataria da solicitude remitirá ao interesado ou, se for o caso, ao seu representante, o enderezo electrónico ou localizador que dea acceso ao expediente electrónico posto á disposición, garantindo aquela o acceso durante o tempo que determine a correspondente política de xestión de documentos electrónicos, sempre de acordo co ditame de valoración emitido pola autoridade cualificadora correspondente, e o cumprimento da normativa aplicable en materia de protección de datos de carácter persoal e de transparencia e acceso á información pública e de patrimonio documental, histórico e cultural.

Artigo 53. *Tempo de conservación e destrución de documentos*

1. Os documentos presentados polo interesado en soporte papel que por calquera circunstancia non lle poidan ser devoltos no momento da súa presentación, unha vez dixitalizados, serán conservados á súa disposición durante seis meses para que poida recollelos, independentemente do procedemento administrativo a que se incorporen ou da Administración pública a que vaian dirixidos, salvo que regulamentariamente a Administración correspondente estableza un prazo maior.
2. Os documentos presentados polo interesado en formato electrónico dentro dun dispositivo que por calquera circunstancia non lle poidan ser devoltos no momento da presentación, unha vez incorporados ao expediente serán conservados á súa disposición durante seis meses para que poida recollelos, independentemente do procedemento administrativo a que se incorporen ou da Administración pública a que vaian dirixidos, salvo que regulamentariamente a Administración correspondente estableza un prazo maior.
3. Transcorrido o prazo previsto nos números anteriores, a destrución dos documentos realizarase de acordo coas competencias do Ministerio de Cultura e Deporte ou do órgano competente da comunidade autónoma, e sempre que non se trate de documentos con valor histórico, artístico ou outro relevante ou de documentos en que a sinatura ou outras expresións manuscritas ou mecánicas confiran ao documento un valor especial.
4. Cando a xeración de copias electrónicas auténticas se realice a partir de documentos orixinais ou copias auténticas de documentos en soporte non electrónico que se conserven formando parte dos seus correspondentes expedientes e series documentais en calquera das oficinas, arquivos ou dependencias de calquera organismo das administracións públicas, os ditos documentos orixinais ou copias auténticas de

documentos en soporte non electrónico restituíranse ás súas oficinas, arquivos ou dependencias de orixe, onde lles será de aplicación a normativa específica en materia de arquivos e conservación do patrimonio documental no seu respectivo ámbito e seguindo o establecido polas autoridades cualificadoras que correspondan.

5. No ámbito estatal, observarase o preceptuado no Real decreto 1164/2002, do 8 de novembro, polo que se regula a conservación do patrimonio documental con valor histórico, o control da eliminación doutros documentos da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos e entidades de dereito público e a conservación de documentos administrativos en soporte distinto ao orixinal.

CAPÍTULO II

Arquivo electrónico de documentos

Artigo 54. *Conservación de documentos electrónicos.*

1. De acordo co previsto no artigo 46 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, as administracións públicas, así como os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes, deberán conservar en soporte electrónico todos os documentos que formen parte dun expediente administrativo e todos aqueles documentos con valor probatorio creados á marxe dun procedemento administrativo.

A copia electrónica auténtica xerada conforme o disposto no artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, ten a consideración de patrimonio documental para efectos de aplicación da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, ou a normativa autonómica correspondente, e o período de conservación dos documentos será o establecido polas autoridades cualificadoras que correspondan.

2. Cada Administración pública regulará os períodos mínimos de conservación dos documentos electrónicos que formen parte do expediente dun procedemento cuxa tramitación conclúese, conforme a súa normativa específica de arquivos e patrimonio documental.

Cando a Administración pública, organismo ou entidade teñan coñecemento da existencia de procedementos xudiciais que afecten ou poidan afectar documentos electrónicos, estes deberán conservarse á disposición dos órganos xurisdicionais até existir constancia da terminación do procedemento xudicial correspondente nas sucesivas instancias, por terse ditado resolución non susceptible de ningún recurso ou procedemento ante órganos xurisdicionais nacionais ou internacionais.

3. A conservación dos documentos electrónicos deberá realizarse de forma que permita o seu acceso e comprenda, como mínimo, a súa identificación, contido, metadatos, sinatura, estrutura e formato.

Tamén será posible a inclusión da súa información en bases de datos sempre que, neste último caso, consten os criterios para a reconstrución dos formularios ou modelos electrónicos orixe dos documentos, así como para a comprobación da identificación ou sinatura electrónica deses datos.

Os prazos de conservación desta información están suxeitos aos mesmos prazos establecidos para os correspondentes documentos electrónicos.

4. Para asegurar a conservación, acceso e consulta dos documentos electrónicos arquivados con independencia do tempo transcorrido desde a súa emisión, poderanse trasladar os datos a outros formatos e soportes que garantan o acceso desde diferentes aplicacións, de acordo co previsto no artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e na normativa específica de arquivos e patrimonio documental, histórico e cultural.

Así mesmo, planificaranse as actuacións de preservación dixital que garantan a conservación a longo prazo dos documentos dixitais e permitan desta forma dar cumprimento ao establecido no parágrafo anterior

5. En todo caso, baixo a supervisión dos responsables da seguranza e dos responsables da custodia e xestión do arquivo electrónico e dos responsables das unidades produtoras da documentación, estableceranse os plans e habilitaranse os

medios tecnolóxicos para a migración dos datos a outros formatos e soportes que permitan garantir a autenticidade, integridade, dispoñibilidade, conservación e acceso ao documento cando o seu formato deixe de figurar entre os admitidos polo Esquema nacional de interoperabilidade e normativa correspondente.

Artigo 55. *Arquivo electrónico único.*

1. O arquivo electrónico único de cada Administración é o conxunto de sistemas e servizos que sustenta a xestión, custodia e recuperación dos documentos e expedientes electrónicos, así como doutras agrupacións documentais ou de información, unha vez finalizados os procedementos administrativos ou actuacións correspondentes.

2. No arquivo electrónico único da Administración xeral do Estado serán accesibles todos os documentos e expedientes electrónicos do sector público estatal unha vez finalizados os procedementos e nos prazos determinados pola Comisión Superior Cualificadora de Documentos Administrativos de acordo co que se desenvolva regulamentariamente.

A xestión do arquivo electrónico único garantirá a autenticidade, conservación, integridade, confidencialidade, dispoñibilidade e cadea de custodia dos expedientes e documentos almacenados, así como o seu acceso, nas condicións exixidas polo Esquema nacional de interoperabilidade e o Esquema nacional de seguridade, pola normativa de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, pola lexislación de arquivos e patrimonio histórico e cultural e pola normativa específica que sexa de aplicación, de acordo co que se desenvolva regulamentariamente.

TÍTULO IV

Das relacións e colaboración entre as administracións públicas para o funcionamento do sector público por medios electrónicos

CAPÍTULO I

Colaboración entre as administracións públicas para a actuación administrativa por medios electrónicos

Artigo 56. *Relacións interadministrativas e interorgánicas por medios electrónicos.*

De acordo co previsto no artigo 3.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, as administracións públicas, no exercicio das súas competencias, estarán obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos entre si e cos seus órganos, organismos públicos e entidades vinculados ou dependentes.

Esta mesma obrigación será de aplicación ás entidades de dereito privado vinculadas ou dependentes das administracións públicas cando actúen no exercicio de potestades administrativas.

Artigo 57. *Comunicacións na Administración xeral do Estado.*

Os órganos da Administración xeral do Estado e os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes desta deberán utilizar medios electrónicos para comunicarse entre si.

As comunicacións efectuaranse a través do rexistro electrónico xeral da Administración xeral do Estado ou rexistro do organismo público ou entidade de dereito público de que se trate, ou por calquera outro medio electrónico que permita deixar constancia da súa recepción.

Esta mesma obrigación será de aplicación ás entidades de dereito privado vinculadas ou dependentes das administracións públicas cando actúen no exercicio de potestades administrativas.

Artigo 58. *Adhesión a sedes electrónicas e sedes electrónicas asociadas.*

As administracións públicas e os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes poderán adherirse voluntariamente, mediante a formalización do correspondente instrumento de adhesión, ás sedes electrónicas ou sedes asociadas dispoñibles de titularidade da mesma Administración ou outra Administración pública, sen que se constituía como sede electrónica asociada.

Artigo 59. *Adhesión á Carpeta cidadá do sector público estatal.*

As administracións públicas poderán integrar as súas respectivas áreas personalizadas ou carpetas cidadás a que se refire o segundo parágrafo do artigo 7.3 deste regulamento, se as houber, ou determinadas funcionalidades delas, coa Carpeta cidadá prevista no artigo 8 deste regulamento, de forma que o interesado poida acceder aos seus contidos ou funcionalidades mediante procedementos seguros que garantan a integridade e confidencialidade dos seus datos de carácter persoal, independentemente de cal fose o seu punto de acceso.

Artigo 60. *Sistema de interconexión de rexistros.*

1. As aplicacións ou sistemas de información para o tratamento do rexistro electrónico xeral de cada Administración, así como do rexistro electrónico de cada organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente, deberán ser interoperables.

2. As interconexións entre rexistros das administracións públicas deberán realizarse a través do Sistema de interconexión de rexistros (SIR) xestionado polo Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital en colaboración co Ministerio de Política Territorial e Función Pública de acordo co previsto no Esquema nacional de interoperabilidade e na correspondente norma técnica.

3. No ámbito da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes as aplicacións ou sistemas de información para o tratamento do rexistro electrónico xeral da Administración xeral do Estado, así como do rexistro electrónico de cada organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente, deberán permitir a interoperabilidade cos sistemas de xestión de expedientes das unidades de tramitación correspondentes.

Artigo 61. *Transmisións de datos.*

1. As transmisións de datos a que se refire o artigo 155 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, realizadas a través de redes corporativas das administracións públicas para o envío de documentos elaborados por calquera Administración, mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, teñen a consideración de certificados administrativos necesarios para o procedemento ou actuación administrativa.

2. Cando as persoas interesadas non acheguen datos e/ou documentos que xa estean en poder das administracións públicas, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, seguiranse as seguintes regras:

a) Se o órgano administrativo encargado da tramitación do procedemento, pode acceder electronicamente aos datos, documentos ou certificados necesarios mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, incorporaraos ao procedemento administrativo correspondente. Quedará constancia nos ficheiros do órgano, organismo público ou entidade de dereito público cedente do acceso aos datos ou documentos efectuado polo órgano ou organismo cesionario.

b) Excepcionalmente, en caso de que non se poida realizar o acceso electrónico aos datos mediante a consulta a que se refire a alínea anterior, poderase solicitar por outros

medios habilitados para o efecto e conservárase a documentación acreditativa da circunstancia que imposibilitou o acceso electrónico, incorporándoa ao expediente.

3. Toda transmisión de datos se efectuará por solicitude do órgano ou entidade tramitadora, na cal se identificarán os datos requiridos e os seus titulares, así como a finalidade para que se requiren. Ademais, se na petición de datos intervén un empregado ou empregada público, incluírase a súa identificación na petición.

4. O órgano, organismo público ou entidade de dereito público cesionario será responsable do correcto acceso electrónico aos datos cuxa titularidade corresponda a outro órgano, organismo público ou entidade de dereito público, así como da súa utilización, en particular, cando os datos a que se accede teñan un réxime de especial protección. Así mesmo, cando para o acceso se requira o consentimento do interesado, o cesionario será responsable do requirimento do consentimento.

5. A cesión de datos dentro dunha actuación administrativa poderá levarse a cabo, entre outras formas, de maneira automatizada, entendendo por tal a consulta realizada integramente a través de medios telemáticos na cal non interviñese de forma directa un empregado ou empregada público.

6. As transmisións de datos que se realicen en virtude do artigo 14 do Regulamento (UE) n.º 2018/1724 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de outubro de 2018, relativo á creación dunha pasarela dixital única de acceso a información, procedementos e servizos de asistencia e resolución de problemas e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 1024/2012 non requirirán previsualización dos datos por parte do usuario ou usuaria solicitante para proceder ao seu uso por parte do órgano ou entidade tramitadora.

Artigo 62. *Plataformas de intermediación de datos.*

1. As plataformas de intermediación de datos deixarán constancia da data e hora en que se produciu a transmisión, así como do procedemento administrativo, trámite ou actuación a que se refire a consulta. As plataformas de intermediación ou sistema electrónico equivalente existentes no sector público deberán ser interoperables coa plataforma de intermediación da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e entre elas.

A adhesión ás plataformas de intermediación de datos requirirá que se garanta o cumprimento das condicións de seguranza exixidas polos cedentes da información para o tratamento de datos por parte da plataforma encargada do tratamento deses datos e dos seus cesionarios.

2. No ámbito estatal, dispórase da plataforma de intermediación de Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes a que se refire a Lei 39/2015, do 1 de outubro. Esta plataforma será xestionada pola Secretaría Xeral de Administración Dixital e actuará como un punto a través do cal calquera órgano, organismo público ou entidade de dereito público poderá consultar os datos ou documentos asociados ao procedemento de que se trate, con independencia de que a presentación dos citados datos ou documentos teña carácter preceptivo ou facultativo no procedemento de que se trate.

3. A plataforma de intermediación da Administración xeral do Estado actuará como punto de conexión co sistema técnico regulado polo Regulamento (UE) n.º 2018/1724 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de outubro de 2018, para o intercambio automático de datos ou documentos a nivel europeo.

Artigo 63. *Remisión electrónica de expedientes administrativos no ámbito das administracións públicas mediante posta á disposición.*

1. Cando desde unha Administración pública se solicite a outra un expediente electrónico, a remisión por esta, a través dun nodo de interoperabilidade, do enderezo electrónico ou localizador que dea acceso ao expediente electrónico posto á disposición da primeira equivalerá á súa remisión, sempre que se garanta a integridade do acceso ao

longo do tempo que determine a correspondente política de xestión de documentos electrónicos e o cumprimento da normativa de interoperabilidade aplicable ao tipo de expediente.

2. O mesmo procedemento previsto no número anterior se poderá utilizar cando a solicitude se produza dentro do ámbito dunha mesma Administración pública.

CAPÍTULO II

Transferencia e uso compartido de tecnoloxías entre administracións públicas

Artigo 64. *Reutilización de sistemas e aplicacións das administracións públicas.*

1. De acordo co previsto no artigo 157 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, as administracións públicas porán á disposición de calquera delas que o solicite as aplicacións, desenvolvidas polos seus servizos ou que fosen obxecto de contratación e de cuxos dereitos de propiedade intelectual sexan titulares, salvo que a información a que estean asociadas sexa obxecto de especial protección por estar previsto nunha norma. As administracións cedentes e cesionarias poderán acordar a repercusión do custo de adquisición ou fabricación das aplicacións cedidas.

2. Para tal efecto, de acordo co previsto no artigo 158 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, as administracións públicas manterán directorios actualizados de aplicacións para a súa libre reutilización en modo produto ou en modo servizo, de conformidade co disposto no Esquema nacional de interoperabilidade.

Estes directorios deberán ser plenamente interoperables, de modo que se garanta a súa compatibilidade informática e interconexión, co directorio xeral de aplicacións da Administración xeral do Estado para a súa libre reutilización previsto no artigo 17 do Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro.

3. As condicións de licenciamiento dos sistemas e aplicacións das administracións públicas e o uso e funcionamento dos directorios de aplicacións reutilizables deberán axustarse ao previsto no Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro.

4. As administracións públicas procurarán a construción de aplicacións reutilizables, ben en modo produto ou en modo servizo, co fin de favorecer as actuacións de compartir, reutilizar e colaborar, en beneficio dunha mellor eficiencia e para atender de forma efectiva as solicitudes recibidas en virtude do artigo 157 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

5. As administracións públicas, con carácter previo á adquisición, desenvolvemento ou ao mantemento ao longo de todo o ciclo de vida dunha aplicación, tanto se se realiza con medios propios como pola contratación dos servizos correspondentes, deberán consultar no directorio xeral de aplicacións da Administración xeral do Estado para a súa libre reutilización se existen solucións dispoñibles para a súa reutilización que poidan satisfacer total ou parcialmente as necesidades, melloras ou actualizacións que se pretenden cubrir, e sempre que os requisitos tecnolóxicos de interoperabilidade e seguranza o permitan.

As conclusións con respecto ao resultado desa consulta ao directorio xeral incorporaranse no expediente de contratación e reflectirán, se for o caso, que non existen solucións dispoñibles para a súa reutilización que poidan satisfacer total ou parcialmente as necesidades, melloras ou actualizacións que se pretenden cubrir.

No caso de existir unha solución dispoñible para a súa reutilización total ou parcial, a xustificación da non reutilización realizarase en termos de eficiencia conforme o establecido no artigo 7 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Artigo 65. *Adhesión ás plataformas da Administración xeral do Estado.*

1. A adhesión ao uso das plataformas, rexistros ou servizos electrónicos da Administración xeral do Estado prevista na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, e neste regulamento, así como a aqueles outros que poidan facilitar o

cumprimento do disposto nestas normas, realizarase mediante adhesión polo órgano competente da Administración pública que corresponda, no cal se deixará constancia da vontade deste de adherirse ás plataformas, rexistros ou servizos electrónicos e de aceptar na súa integridade as condicións de uso determinadas polo órgano titular da plataforma ou servizo, incluíndo o seu comezo efectivo.

Para tal efecto, os modelos de adhesión ás plataformas, rexistros ou servizos, que incluírán os termos de prestación do servizo e da contribución ao seu sustentamento, aprobaranse mediante resolución da Secretaría Xeral de Administración Dixital do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital ou, se for o caso, do órgano directivo, organismo público ou entidade de dereito público que sexa competente das plataformas, rexistros ou servizos de que se trate.

2. A adhesión a unha plataforma, rexistro ou servizo electrónico da Administración xeral do Estado non suporá un cambio da titularidade sobre as actuacións administrativas realizadas no procedemento administrativo de que se trate, que corresponderá á Administración competente para a súa tramitación. Se a plataforma prové un servizo que require o intercambio de información entre dúas entidades usuarias da mesma ou de distinta plataforma, a autenticación da entidade solicitante pode acreditarse, ante a entidade cedente, mediante un selo electrónico cualificado do órgano, organismo público ou entidade de dereito público que xestiona a plataforma en cuestión de que é usuaria a entidade solicitante, que actuará en nome dos órganos e organismos ou entidades adheridos que actúan como solicitantes.

A adhesión a unha plataforma da Administración xeral do Estado requirirá que se cumpran as condicións de seguranza exixidas polos cedentes da información.

3. Os órganos competentes para a xestión do procedemento administrativo das administracións que se adhiran a estas plataformas, rexistros ou servizos electrónicos responsabilizaranse do uso que fagan delas no exercicio das súas competencias e corresponderá ao órgano responsable da plataforma a súa xestión e mantemento. No suposto de que unha incidencia técnica imposibilite o funcionamento ordinario do sistema ou aplicación que corresponda, e sen prexuízo da ampliación de prazos a que se refire o artigo 32.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, cada Administración pública será responsable da continuación da tramitación dos seus procedementos administrativos e servizos á cidadanía.

4. A adhesión das comunidades autónomas ou entidades locais ás plataformas estatais ou rexistros previstos na disposición adicional segunda da Lei 39/2015, do 1 de outubro, é voluntaria, ben que a non adhesión deberá xustificarse en termos de eficiencia conforme o artigo 7 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, para o que se enviará o correspondente informe ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, no cal deberá incluírse a xustificación do cumprimento dos requisitos do Esquema nacional de interoperabilidade, o Esquema nacional de seguridade e as súas normas técnicas de desenvolvemento, de plataformas, rexistros ou servizos electrónicos que se utilicen, de modo que se garanta a súa compatibilidade informática e interconexión, así como a transmisión telemática das solicitudes, escritos e comunicacións que se realicen nas súas correspondentes plataformas.

Disposición adicional primeira. Obrigatoriedade de uso de medios electrónicos nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público no ámbito da Administración xeral do Estado.

As persoas participantes en procesos selectivos convocados pola Administración xeral do Estado, os seus organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes deberán realizar a presentación das solicitudes e documentación e, se for o caso, a emenda e os procedementos de impugnación das actuacións destes procesos selectivos a través de medios electrónicos.

Disposición adicional segunda. *Formación de empregados e empregadas públicos da Administración xeral do Estado.*

A Administración xeral do Estado promoverá a formación do persoal ao seu servizo para garantir o dereito das persoas interesadas a ser asistidas no uso de medios electrónicos nas súas relacións coa Administración pública, establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Disposición adicional terceira. *Nodo de interoperabilidade de identificación electrónica do Reino de España.*

1. Créase o nodo de interoperabilidade de identificación electrónica do Reino de España para o recoñecemento mutuo de identidades electrónicas entre os Estados membros, de acordo co previsto no Regulamento (UE) n.º 910/2014, do 23 de xullo de 2014, relativo á identificación electrónica e os servizos de confianza para as transaccións electrónicas no mercado interior.

2. O nodo de interoperabilidade de identificación electrónica do Reino de España será xestionado polo Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.

3. As entidades pertencentes ao sector público deberán definir e publicar na súa sede electrónica o nivel de seguranza na identificación electrónica exixido nos procedementos e servizos que xestionan, de acordo co Regulamento (UE) n.º 910/2014, do 23 de xullo de 2014. Este nivel de seguranza na identificación electrónica do sistema de información que soporta o procedemento ou servizo determinarase sobre a base da análise de riscos, de acordo co Esquema nacional de seguridade e normativa correspondente.

4. As entidades pertencentes ao sector público deberán admitir en todo caso, no acceso electrónico aos seus procedementos e servizos os esquemas de identificación notificados por outros Estados membros ao abeiro do Regulamento (UE) n.º 910/2014, do 23 de xullo de 2014, sempre que se dean estas dúas condicións:

a) O esquema de identificación utilizado ten un nivel de seguranza na identificación electrónica substancial ou alto.

b) O nivel de seguranza do dito esquema é igual ou superior ao nivel de seguranza exixido polo procedemento ou servizo de acordo co número 3.

Disposición adicional cuarta. *Adhesión das entidades de dereito privado vinculadas ou dependentes da Administración xeral do Estado no exercicio de potestades administrativas ás sedes electrónicas e sedes electrónicas asociadas e sistema de sinatura e notificacións electrónicas aplicables.*

De acordo co previsto no artigo 2.2.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e o artigo 2.2.b) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, cando as entidades de dereito privado vinculadas ou dependentes da Administración xeral do Estado exerzan potestades administrativas e, en consecuencia, lles sexa de aplicación este regulamento, observaranse as seguintes disposicións:

a) De acordo co previsto no artigo 58, as entidades de dereito privado terán que adherirse á sede electrónica asociada do ministerio con que manteñan a vinculación ou dependencia ou, se for o caso, á sede electrónica ou sede electrónica asociada do organismo de dereito público con que a manteñan, en ambos os casos mediante a formalización do correspondente instrumento de adhesión.

As persoas interesadas obrigadas a relacionarse electronicamente coas entidades de dereito privado no exercicio de tales potestades realizarán os trámites do procedemento mediante os modelos normalizados que estarán dispoñibles na sede electrónica asociada ou, se for o caso, na sede electrónica a que se adhirese a entidade. O mesmo réxime se aplicará aos suxeitos non obrigados que optasen por medios electrónicos de acordo co previsto no artigo 3 deste regulamento.

b) Segundo o previsto nos artigos 20.2 e 22.4, mediante orde da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital determinaranse regulamentariamente os medios admitidos para a sinatura electrónica nos procedementos tramitados no exercicio de potestades administrativas por parte das entidades de dereito privado vinculadas ou dependentes da Administración xeral do Estado.

c) De conformidade co previsto no artigo 42, as notificacións electrónicas que as entidades de dereito privado teñan que practicar levaranse a cabo na mesma forma que o responsable da sede electrónica asociada ou sede electrónica a que estea adherida a entidade dispuxese para as súas propias notificacións.

Disposición adicional quinta. *Adhesión dos órganos constitucionais ao uso das plataformas, rexistros ou servizos electrónicos da Administración xeral do Estado.*

1. Sen prexuízo do previsto no artigo 65 deste regulamento, os órganos constitucionais poderán adherirse ao uso das plataformas, rexistros ou servizos electrónicos da Administración xeral do Estado e aqueles outros que poidan facilitar o cumprimento do disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, e neste regulamento.

2. A adhesión realizarase mediante un acordo ou acto de adhesión en que a autoridade competente das institucións ou órganos anteriores deixará constancia da vontade deste de adherirse ás plataformas, rexistros ou servizos electrónicos e de aceptar na súa integridade as condicións de uso determinadas polo órgano titular da plataforma ou servizo, incluíndo o seu comezo efectivo.

Para o estudo da súa viabilidade, remitirá con carácter previo ao ministerio a que pertenza o órgano titular da plataforma ou servizo unha memoria xustificativa e económica en que se explicita o volume de trámites que estaría previsto realizar a través da plataforma, o rexistro ou servizo electrónico de que se trate, os efectos orzamentarios e económicos e calquera outra razón de interese xeral que xustifique a súa adhesión.

3. A adhesión a unha plataforma, rexistro ou servizo electrónico da Administración xeral do Estado non suporá un cambio da titularidade sobre as actuacións administrativas realizadas no procedemento administrativo de que se trate, que corresponderá á Administración competente para a súa tramitación.

Se a plataforma, rexistro ou servizo electrónico prové un servizo que require o intercambio de información entre dúas entidades usuarias da mesma ou distinta plataforma, a autenticación da entidade solicitante pode acreditarse ante a entidade cedente mediante un selo electrónico cualificado do órgano, organismo público ou entidade de dereito público que xestiona a plataforma.

4. A adhesión a unha plataforma da Administración xeral do Estado requirirá que se cumpran as condicións de seguranza exixidas polos cedentes da información.

5. Os órganos competentes nas institucións ou órganos adheridos responsabilizaranse do uso que fagan das plataformas no exercicio das súas competencias e corresponderá ao órgano responsable da plataforma a súa xestión e mantemento. No suposto de que unha incidencia técnica imposibilite o funcionamento ordinario do sistema ou aplicación que corresponda, os órganos competentes nas institucións ou órganos adheridos serán responsables da continuación da tramitación dos seus procedementos administrativos.

Disposición adicional sexta. *Situación das sedes electrónicas e subsedes electrónicas no ámbito estatal existentes na data de entrada en vigor deste real decreto.*

1. En aplicación do previsto no artigo 38 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, as sedes electrónicas existentes na Administración xeral do Estado na data de entrada en vigor deste real decreto pasan a ter natureza de sedes electrónicas asociadas da sede electrónica da Administración xeral do Estado, que é a sede do punto de acceso xeral electrónico (PAXe) da Administración xeral do Estado, sen necesidade de modificar o seu

instrumento de creación. As subsedes electrónicas existentes na data de entrada en vigor deste real decreto pasarán tamén a ter natureza de sedes electrónicas asociadas.

2. As sedes electrónicas dos organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes existentes na data de entrada en vigor deste real decreto manterán a súa natureza de sede electrónica. As subsedes electrónicas destes pasarán a ter natureza de sedes electrónicas asociadas.

Disposición adicional sétima. *Interoperabilidade dos rexistros electrónicos de apoderamentos.*

1. En aplicación do previsto no artigo 6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica, a Norma técnica de interoperabilidade establecerá o modelo de datos e as condicións de interoperabilidade dos rexistros electrónicos de apoderamentos e abordará os aspectos funcionais e técnicos para a plena interoperabilidade dos rexistros electrónicos de apoderamentos pertencentes ás administracións, así como a interconexión destes ás sedes electrónicas, aos rexistros mercantís, da propiedade e aos protocolos notariais.

2. No ámbito da Administración xeral do Estado, o cumprimento das previsións do artigo 33.2 do Regulamento sobre o acceso ao Rexistro Electrónico de Apoderamentos da Administración xeral do Estado está vinculado á aprobación e aplicación da norma técnica a que se refire o número 1 anterior.

Disposición adicional oitava. *Suple toriedade en Rexistro Civil.*

De conformidade co disposto no artigo 88 e na disposición derradeira primeira da Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil, este regulamento será de aplicación supletoria no non previsto nesa lei e a súa normativa de desenvolvemento específica, canto a todo o relacionado coa tramitación administrativa dos procedementos específicos de rexistro civil.

Disposición adicional novena. *Autorización dos sistemas de identificación previstos no artigo 9.2.c) e dos sistemas de sinatura previstos no artigo 10.2.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.*

1. Os sistemas de identificación a que se refire o artigo 9.2.c) e os sistemas de sinatura a que se refire o artigo 10.2.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, que, en ambos os casos, se puxesen en servizo até o 6 de novembro de 2019, data de entrada en vigor da modificación de deses artigos en virtude do Real decreto lei 14/2019, do 31 de outubro, polo que se adoptan medidas urxentes por razóns de seguranza pública en materia de administración dixital, contratación do sector público e telecomunicacións, non requirirán a autorización da Secretaría Xeral de Administración Dixital do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, logo de informe vinculante da Secretaría de Estado de Seguranza do Ministerio do Interior, sempre que non fosen modificados despois desa data.

2. Os sistemas que, despois do 6 de novembro de 2019, fosen autorizados en aplicación das previsións dos artigos 9.2.c) e 10.2.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e sexan modificados posteriormente, deberán ser obxecto dunha nova autorización previa á súa posta en servizo.

Disposición adicional décima. *Especialidades por razón de materia.*

1. De acordo coa disposición adicional primeira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, os procedementos administrativos regulados en leis especiais por razón da materia que non exixan algún dos trámites previstos na citada lei ou regulen trámites adicionais ou distintos rexeranse, respecto a estes, polo disposto nesas leis especiais.

2. As seguintes actuacións e procedementos rexeranse pola súa normativa específica e supletoriamente polo disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro:

- a) As actuacións e procedementos de aplicación dos tributos en materia tributaria e alfandegueira, así como a súa revisión en vía administrativa.
- b) As actuacións e procedementos de xestión, inspección, liquidación, recadación, impugnación e revisión en materia de seguridade social e desemprego.
- c) As actuacións e procedementos sancionadores en materia tributaria e alfandegueira, na orde social, en materia de tráfico e seguranza viaria e en materia de estranxeiría.
- d) As actuacións e procedementos en materia de estranxeiría e asilo.

3. De acordo co previsto na disposición adicional décimo sétima da Lei 40/2015, do 1 de outubro, a Axencia Estatal de Administración Tributaria rexeranse pola súa lexislación específica e unicamente de forma supletoria e en canto resulte compatible coa súa lexislación específica polo previsto na citada lei. O acceso, a cesión ou a comunicación de información de natureza tributaria rexeranse en todo caso pola súa lexislación específica.

ANEXO

Definicións

– Aplicación de fontes abertas: aquela que se distribúe cunha licenza que permite a liberdade de executala, de coñecer o código fonte, de modificala ou melloralala e de redistribuír copias a outras persoas usuarias.

– Arquivo electrónico único de cada Administración: conxunto de sistemas e servizos que sustente a xestión, custodia e recuperación dos documentos e expedientes electrónicos, así como doutras agrupacións documentais ou de información, unha vez finalizados os procedementos ou actuacións correspondentes.

– Autenticación: procedemento de verificación da identidade dixital dun suxeito nas súas interaccións no ámbito dixital, tipicamente mediante factores tales como «algo que se sabe» (contrasinais ou claves concertadas), «algo que se ten» sexan compoñentes lóxicos (como certificados *software*) ou dispositivos físicos (en expresión inglesa, *tokens*), ou «algo que se é» (elementos biométricos), factores utilizados de maneira illada ou combinados.

– Autenticidade: propiedade ou característica consistente en que unha entidade é quen di ser ou ben que garante a fonte de que proceden os datos.

– Canle: estrutura ou medio de difusión dos contidos e servizos, incluíndo a canle presencial, a telefónica e a electrónica, así como outras que existan na actualidade ou poidan existir no futuro (dispositivos móbiles, etc.).

– Certificado electrónico: documento emitido e asinado pola autoridade de certificación que identifica unha clave pública co seu propietario. Cada certificado está identificado por un número de serie único e ten un período de validez que está incluído no certificado.

– Certificado cualificado: un certificado de sinatura electrónica que foi expedido por un prestador cualificado de servizos de confianza e que cumpre os requisitos establecidos no anexo I do Regulamento UE 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, relativo á identificación electrónica e aos servizos de confianza para as transaccións, electrónicas no mercado interior, e pola que se derroga a Directiva 1999/93/CE.

– Certificado cualificado de selo electrónico: certificado de selo electrónico que foi expedido por un prestador cualificado de servizos de confianza e que cumpre os requisitos establecidos no anexo III do Regulamento UE 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, relativo á identificación electrónica e os servizos de confianza para as transaccións, electrónicas no mercado interior, e pola que se derroga a Directiva 1999/93/CE.

– Código malicioso: tipo de software de carácter daniño que crea ou aproveita vulnerabilidades en dispositivos, sistemas e arquivos informáticos que permiten o acceso

remoto non autorizado, a xeración de portas traseiras, o roubo ou exfiltración de datos, a destrución de información ou outras accións prexudiciais.

– Código seguro de verificación (CSV): código que identifica un documento electrónico e cuxa finalidade é garantir a orixe e integridade dos documentos mediante o acceso á sede electrónica correspondente; o carácter único do código xerado para cada documento; a súa vinculación co documento xerado, de forma que calquera modificación do documento xerado dará lugar a un novo documento cun código seguro de verificación diferente; a posibilidade de verificar o documento na sede electrónica como mínimo polo tempo que se estableza na resolución que autorice a aplicación deste procedemento, así como un acceso ao documento restrinxido a quen dispoña do código seguro de verificación.

– Confidencialidade: propiedade ou característica consistente en que a información nin se pon á disposición nin se revela a individuos, entidades ou procesos non autorizados.

– Copia auténtica: terá a consideración de copia auténtica dun documento público administrativo ou privado orixinal ou doutra copia auténtica, a realizada, calquera que for o seu soporte, polos órganos competentes das administracións públicas na cal quede garantida a identidade do órgano que realizou a copia e o seu contido.

– Copia autorizada electrónica: documento notarial electrónico xerado polo notario que autorizou a escritura, co mesmo valor e efectos que a copia en papel e ao cal se lle atribúe tamén valor de documento público.

– Dixitalización: proceso tecnolóxico que permite converter un documento en soporte papel ou noutro soporte non electrónico en un ou varios ficheiros electrónicos que conteñen a imaxe codificada, fiel e íntegra do documento.

– Enderezo electrónico: identificador dun equipamento ou sistema electrónico desde o cal se prové de información ou servizos unha rede de comunicacións.

– Directorio de aplicacións reutilizables: instrumento que contén a relación de aplicacións para a súa libre reutilización, incluíndo, ao menos, os datos descritivos relativos a nome da aplicación, breve descrición das súas funcionalidades, uso e características, licenza, principais estándares abertos aplicados e estado de desenvolvemento.

– Dispoñibilidade: propiedade ou característica dos activos consistente en que as entidades ou procesos autorizados teñen acceso a eles cando o requiren.

– Documento electrónico: información de calquera natureza en forma electrónica, arquivada nun soporte electrónico segundo un formato determinado e susceptible de identificación e tratamento diferenciado.

– Contorno fechado de comunicación: escenario de comunicacións delimitado, controlado e protexido en que os participantes se relacionan a través de medios electrónicos, segundo unhas garantías e condicións determinadas que inclúen a relación de emisores e receptores autorizados, a natureza dos datos que se intercambia e as medidas de seguranza e protección de datos.

– Especificación técnica: segundo o Regulamento n.º 1025/2012, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012, sobre normalización europea, documento en que se prescriben os requisitos técnicos que debe reunir un produto, proceso, servizo ou sistema e que establece un ou máis dos aspectos seguintes:

- As características que debe ter un produto, como os niveis de calidade, rendemento, interoperabilidade, protección do ambiente, saúde e seguranza e as súas dimensións, así como os requisitos aplicables ao produto no que respecta á denominación con que se vende, a terminoloxía, os símbolos, os ensaios e os métodos de ensaio, a embalaxe, a marcación ou a etiquetaxe e os procedementos de avaliación da conformidade;

- os métodos e procedementos de produción dos produtos agrícolas, definidos no artigo 38, número 1, do TFO, dos produtos destinados á alimentación humana e animal e dos medicamentos, así como os métodos e procedementos de produción relacionados cos demais produtos, en caso de que estes influan nas súas características;

- as características que debe ter un servizo, como os niveis de calidade, rendemento, interoperabilidade, protección do medio ambiente, saúde ou seguranza, así como os requisitos aplicables ao provedor no que respecta á información que debe facilitarse á persoa destinataria, tal como se especifica no artigo 22, números 1 a 3, da Directiva 2006/123/CE

do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de decembro de 2006 relativa aos servizos no mercado interior.

- os métodos e os criterios para avaliar o rendemento dos produtos de construción, tal como se definen no artigo 2, punto 1, do Regulamento (UE) n.º 305/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de marzo de 2011, polo que se establecen condicións harmonizadas para a comercialización de produtos de construción, en relación coas súas características esenciais.

- Esquema nacional de interoperabilidade: instrumento que comprende o conxunto de criterios e recomendacións en materia de seguranza, conservación e normalización da información, dos formatos e das aplicacións que deberán ser tidos en conta polas administracións públicas para a toma de decisións tecnolóxicas que garantan a interoperabilidade.

- Esquema nacional de seguridade: instrumento que ten por obxecto establecer a política de seguranza na utilización de medios electrónicos no ámbito da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e está constituído polos principios básicos e requisitos mínimos que garantan adecuadamente a seguranza da información tratada.

- Expediente administrativo: conxunto ordenado de documentos e actuacións relativos á resolución administrativa, así como as dilixencias encamiñadas a executala.

- Sinatura electrónica: os datos en formato electrónico anexos a outros datos electrónicos ou asociados de maneira lóxica con eles que utiliza o asinante para asinar.

- Sinatura electrónica avanzada: a sinatura electrónica que cumpre os requisitos establecidos no artigo 26 do Regulamento eIDAS.

- Sinatura electrónica cualificada: unha sinatura electrónica avanzada que se crea mediante un dispositivo cualificado de creación de sinaturas electrónicas e que se basea nun certificado cualificado de sinatura electrónica.

- Formato de documento: conxunto de regras (algoritmo) que define a maneira correcta de intercambiar ou almacenar datos na memoria. Correspóndese habitualmente cunha especificación técnica.

- Identificación: procedemento para recoñecer de forma única a identidade dun suxeito que culmina tras un rexistro previo coa asignación dun elemento identificador singular en formato electrónico que representa de forma única unha persoa física ou xurídica ou unha persoa física que representa unha persoa xurídica para interacción no contorno dixital.

- Infraestrutura ou servizo común: capacidade organizativa e técnica que satisfai necesidades comúns das persoas usuarias en diversos ámbitos da Administración, xunto coa súa gobernanza operativa de apoio, que poden ter carácter horizontal ou sectorial, con diversos modos de provisión, como servizo ou como produto, ou integración a modo de plataforma, que facilitan a interoperabilidade, a seguranza, as economías de escala, a racionalización e a simplificación da actuación administrativa.

- Integridade: propiedade ou característica consistente en que o activo de información non foi alterado de maneira non autorizada.

- Interoperabilidade: capacidade dos sistemas de información, e por tanto dos procedementos a que estes dan soporte, de compartir datos e posibilitar o intercambio de información entre eles.

- Licenciamento: condicións aplicables á reutilización de calquera tipo de material en formato electrónico que poida ser empregado de forma recorrente.

- Marca de tempo: a asignación por medios electrónicos da data e, se for o caso, a hora a un documento electrónico.

- Metadato: dato que define e describe outros datos. Existen diferentes tipos de metadatos segundo a súa aplicación.

- Metadato de xestión de documentos: información estruturada ou semiestruturada que fai posible a creación, xestión e uso de documentos ao longo do tempo no contexto da súa creación. Os metadatos de xestión de documentos serven para identificar, autenticar e contextualizar documentos e, do mesmo modo as persoas, os procesos e os sistemas que os crean, xestionan, manteñen e utilizan.

- Nodo de interoperabilidade: entidade que presta servizos de interconexión técnica, organizativa e xurídica entre sistemas de información para un conxunto de administracións públicas baixo as condicións que estas fixen.
- Política de sinatura electrónica: conxunto de directrices e normas técnicas aplicables á utilización de certificados e sinatura electrónica dentro do seu ámbito de aplicación.
- Política de xestión de documentos electrónicos: orientacións ou directrices que define unha organización para a creación e xestión de documentos auténticos, fiables e dispoñibles ao longo do tempo, de acordo coas funcións e actividades que lle son propias. A política apróbbase ao máis alto nivel dentro da organización e asigna responsabilidades canto á coordinación, aplicación, supervisión e xestión do programa de tratamento dos documentos a través do seu ciclo de vida.
- Portal de internet dunha Administración pública: entéñse por portal de internet o punto de acceso electrónico cuxa titularidade corresponda a unha Administración pública, organismo público ou entidade de dereito público que permite o acceso a través da internet á información publicada e, se for o caso, á sede electrónica correspondente.
- Prestador de servizos de confianza: persoa física ou xurídica que presta un ou máis servizos de confianza, ben como prestador cualificado ou como prestador non cualificado de servizos de confianza, segundo o previsto no Regulamento eIDAS.
- Punto de acceso xeral: portal da internet que facilita o acceso aos servizos, trámites e información dos órganos, organismos públicos e entidades vinculados ou dependentes da Administración pública correspondente e aglutina ou conduce ás sedes electrónicas asociadas dos seus órganos e as sedes electrónicas dos seus organismos públicos e entidades de dereito público.
- Selo electrónico: datos en formato electrónico anexos a outros datos en formato electrónico, ou asociados de maneira lóxica con eles, para garantir a orixe e a integridade destes últimos.
- Selo electrónico avanzado: selo electrónico que cumpre os seguintes requisitos: 1) estar vinculado ao creador do selo de maneira única; 2) permitir a identificación do creador do selo; 3) ter sido creado utilizando datos de creación do selo electrónico que o creador do selo pode utilizar para a creación dun selo electrónico, cun alto nivel de confianza, baixo o seu control, e 4) estar vinculado cos datos a que se refire de modo tal que calquera modificación ulterior dos mesmos sexa detectable.
- Selo electrónico cualificado: selo electrónico avanzado que se crea mediante un dispositivo cualificado de creación de selos electrónicos e que se basea nun certificado cualificado de selo electrónico.
- Sede electrónica: enderezo electrónico dispoñible para a cidadanía a través de redes de telecomunicacións cuxa titularidade corresponde a unha Administración pública, ou ben un ou varios organismos públicos ou entidades de dereito público no exercicio das súas competencias.
- Sede electrónica asociada: sede electrónica dispoñible para a cidadanía a través de redes de telecomunicacións que se crea por razóns organizativas ou técnicas vinculada á sede electrónica dunha Administración pública ou á sede electrónica dun organismo público ou entidade de dereito público.
- Selo de tempo: asignación por medios electrónicos dunha data e hora a un documento electrónico coa intervención dun prestador de servizos de certificación que asegure a exactitude e integridade da marca de tempo do documento.
- Sistema de interconexión de rexistros: infraestrutura básica que permite o intercambio de asentos electrónicos de rexistro entre as administracións públicas.
- Rastrexabilidade: posibilidade de identificar a orixe dun documento nas distintas fases da súa produción e de determinar en que fase e quen produciu, se for o caso, as modificacións do documento orixinal.